O mércores día 11 as familias poderán acceder a aula co seu fillo/a un tempo prudencial, logo deberán marcharse, sempre avisando a mestra e despedindose do seu fillo/a.

A partir do mércores 18/09/24 farán o horario con normalidade.

Este ano as titoras de 4º de Educación Infantil non teñen máis apoio que a mestra de apoio dese nivel.

O Equipo considera que a colaboración coas familias é absolutamente imprescindible para conseguir os obxectivos fixados. Parécenos importante que as familias amosen ilusión e implicación nas tarefas escolares dos seus fillos e fillas. Con este obxectivo, programamos actividades que implican axuda, colaboración e participación dende os fogares dos alumnos e alumnas, tal e como tamén se recolle na Orde do 30 de maio de 2023.

Ademais, seguindo coa metodoloxía iniciada en cursos pasados, contemplamos, en determinados momentos e organizado polas mestras, a asistencia das familias á aula para a realización de diferentes actividades conxuntamente co profesorado.

**FINS E OBXECTIVOS**

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Desta forma, nesta etapa atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas básicas de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das particularidades físicas e sociais do medio.

Ademais facilitarase que o alumnado descubra unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada, e que adquiran autonomía persoal.

Potenciaranse aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a convivencia cívica, o respecto á xustiza, a tolerancia, a resolución amigable de conflitos, a igualdade entre seres humanos, así como o desenvolvemento de dereitos e deberes.

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver no alumnado os seguintes logros cuxa consecución está vinculada á consecución das competencias clave:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A maiores tamén consideramos moi importante para o desenvolvemento da nosa labor docente:

- Intercambiar opinións / experiencias sobre o comportamento e progreso do noso alumnado co equipo docente do mesmo.
- Continuar traballando en estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención do alumnado adaptadas as súas necesidades e seguir insistindo no cumprimento de normas de aula e de centro.
- Debater e realizar propostas desde o ciclo que contribúan á mellora do funcionamento e coordinación do centro.

- Coordinar co profesorado de Primaria a transición dos alumnos de 6º de Ed. Infantil.

**METODOLOXÍA**

A etapa de Educación Infantil é a encargada de poñer as bases que facilitarán todas as aprendizaxes. Partimos da idea de que é necesario promover nas aulas un ambiente de confianza e seguridade que permita ao alumnado establecer un apego seguro, así como promover a súa autoestima e integración social. Para acadalo, basearemos a nosa práctica en experiencias emocionalmente positivas que redunden nun aprendizaxe significativo, así como na experimentación e o xogo como as vías de aprendizaxe idóneas para estas idades e niveis educativos. Este curso continuaremos coa proposta de diversas **instalacións** ao longo do curso. Estas instalacións de Javier Abad son espazos concibidos a partir do encontro entre unha proposta estética de arte contemporánea e un fundamento pedagóxico inspirado na práctica psicomotriz de Aucouturier. Este “diálogo” posibilita e favorece o xogo presimbólico e simbólico nun contexto relacional.

Pretendese seguir unha liña metodolóxica que faga posible a participación do alumnado na adquisición dos seus propios coñecementos, con propostas globalizadas e que unan aprendizaxes dos tres ámbitos de experiencia, que sexan estimulantes e teñan interese e significado para o alumnado, e prestando especial atención ao desenvolvemento dunha conciencia de igualdade entre os nenos e nenas, que lles permita acadar un pensamento libre de estereotipos e prexuízos sexistas, así como unha autoimaxe positiva, equilibrada e igualitaria.

Reforzaremos ademais a introdución na nosa metodoloxía de actividades con contidos TIC para dar resposta aos cambios sociais que outorgan as TIC un estado destacado na vida do noso alumnado.

Adicamos, dentro do posible, unha atención individualizada, planificando actividades de aprendizaxe adaptadas aos seus coñecementos previos e atendendo á diversidade do alumnado, ás súas características persoais, necesidade, intereses e estilos cognitivos.

Na nosa metodoloxía a Escola é un lugar de vida e relacións compartidas onde creamos un ambiente de confianza acolledor e seguro, de xeito que cada neno e nena medre seguro de si mesmo, afrontando os retos, adquirindo estratexias que lles permitan desenvolver as súas potencialidades e sexan capaces de valorarse positivamente.

Á hora de realizar as actividades, utilizaremos distintos tipos de agrupamentos (gran grupo, actividade individual, pequeno grupo).

Como en  anos anteriores ao longo do curso realizaremos diferentes saídas complementarias adaptadas ás diferentes idades dos diferentes niveis educativos.

De cara a unha ensinanza mixta, apoiarémonos en diferentes plataformas dixitais, como abalar móbil ou correos electrónicos para comunicarnos coas familias.

**AVALIACIÓN**

A avaliación constitúese como unha práctica habitual e permanente do profesorado de infantil. Así, será un proceso global, continuo e formativo, que aporte datos cualitativos e explicativos sobre os progresos acadados por cada alumno e alumna nos diferentes ámbitos do aprendizaxe.

Ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2023, este curso realizarase unha sesión de avaliación inicial, ademais das tres sesións parciais, sendo a terceira parcial tamén unha sesión de avaliación final. A avaliación inicial servirá para analizar a información obtida nos primeiros días do curso para adoptar as ensinanzas de cada área, así como para adoptar as medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas e as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

Os profesionais que desempeñamos o noso labor nestas etapas tamén avaliamos a nosa práctica educativa. Esta inclúe aspectos como: Interacción cos alumnos e alumnas, organización da ensinanza, clima da aula, relación coas familias, atención á diversidade, programación didáctica, metodoloxía, avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe…

**PROXECTO PLURINFANTIL**

Ao abeiro da Resolución do 25 de marzo de 2022, durante este curso seguimos o proxecto plurinfantil mantendo o compromiso de reforzar o ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desde idades temperás, que terá a súa continuidade ao longo da escolarización do alumnado no noso centro, plurilingüe desde o curso 2014/15.

En 4º de EI impartirase unha sesión semanal en lingua inglesa: a de psicomotricidade, e en 5º e 6º desta etapa, ademais da sesión semanal de psicomotricidade engadimos outra sesión, que coincide co momento da asemblea e rutinas de hixiene ou actividades relacionadas coas TIC, como a robótica, entre outras.

Estas sesións serán impartidas polas mestras Lara Penas Tizón (apoio en 4ºEI), Clara Félix Pérez (apoio en 5º EI) e Fátima Parga Herva (apoio en 6ºEI).

**Obxectivos**

-Formar en linguas estranxeiras favorecendo o desenvolvemento integral do alumnado.

-Aumentar o contacto en situacións reais e contextos variados de comunicación oral en lingua inglesa.

-Favorecer experiencias de aprendizaxe non especificamente lingúísticas no noso alumnado, que contribúan ao desenvolvemento da súa competencia lingüística e comunicativa.

-Fomentar a pluralidade lingüística e cultural no noso centro para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e social globalizado.

-Descubrir e aproveitar o potencial didáctico das TIC e do traballo por proxectos para a aprendizaxe da lingua inglesa.

**Contidos**

-A asemblea en lingua inglesa: saúdos, data (números), días da semana, meses do ano, estacións e tempo meteorolóxico.

-Coñecemento de vocabulario relacionado cos obxectos e vida da aula: rutina de chegada e recepción (take off your coats, sit down, can I go to the toilet...), scissors, glue...

-Progresión do desenvolvemento da lateralidade e progresivo control do corpo en movemento e repouso: partes do corpo, instrucións sinxelas (skip, run, dance, clap, stop, relax...).

-Expresión de emocións, gustos e preferencias (I like, I don´t like, happy, sad, angry, calm..).

-Emprego de conceptos lóxicos-matemáticos en situacións contextualizadas e reais: cores, formas, números.

-Autonomía no uso das ferramentas dixitais, valorándoas como fonte de aprendizaxe.

-O coidado persoal e a saúde: vocabulario de alimentación e hixiene.

-Valoración da diversidade e aprezo por outras culturas.

Asemade contribuirase ao desenvolvemento das competencias clave de xeito globalizado, do mesmo xeito que se traballarán as tres áreas da etapa, tal e como establece o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na CCAA de Galicia.

*A avaliación será global, continua e formativa, tendo en conta o Decreto citado e a Orde do 30 de maio de 2023.*

#### 6.3.1.2. 1º e 2º de Educación Primaria

O equipo de primeiro ciclo está composto por:

Titoras

Alejandra Candal Otero (1ºA)

Olalla Fernández García(1ºB)

Laura Leira Santiso (1ºC)

Ana Isabel López Bergantiños (2º A)

María Jesús Pérez Pérez (2º B)

Alba Blanco Costa (2ºC)

Especialistas

Lidia Bello Novo (PT)

Bruno López Ferro

María del Mar Quintela Abad (relixión)

María Dolores González Fernández ( arts and crafts e E.F.)

Luz del Mar Teixido Infante (inglés)

A coordinadora de ciclo será Olalla Fernández García

Contamos con seis aulas, distribuídas en tres aulas por nivel. En 1º hai un total de 69 alumnos e alumnas e en 2º 66.

As reunións de nivel e de ciclo celebraranse os días sinalados, segundo contempla a Programación Xeral Anual, e tódalas veces que se considere necesario.

Obxectivos xerais:

- Acadar o nivel axeitado de lecto-escritura e comprensió lectora.
- Mellorar a expresión e comprensión oral.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Adquirir un dominio básico da numeración e facer fincapé no cálculo mental.
- Resolver problemas cotiás empregando as operacións axeitadas.-
- Desenvolver a capacidade de comprensión do medio que nos rodea a través da observación directa, de imaxes, debuxos e da lectura.

### 6.3.1.3. 3º e 4º de Educación Primaria

Neste 2º ciclo imparten docencia os seguintes mestres/as:

Titorías:

3º A: Santiago Mosteiro Martínez

3ºB: Mª Cristina Méndez Sánchez

3º C: Begoña Tordera de Arriba

4º A: Mª Jesús García Durán (Coordinadora)

4º B: Verónica Barreiro López

4ºC: Beatriz Rodríguez Vilariño

Especialistas:

Cristina Alsira Iglesias Fernández (inglés)

Jesús Manuel Carballo Felpete (Educación Física)

Beatriz Souto Rial (PT)

Iñigo Costas Soliño (Música)

María Dolores López Martínez (Mestra de Relixión Católica)

Os obxectivos a acadar ao longo do curso 2024-25 son os seguintes:

- Coñecer e utilizar axeitadamente a lingua galega a a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura como fonte de pracer, ademáis dunha canle de formación e información.

- Iniciarse na contrucción de diferentes proxectos para a mellora das linguaxes oral e escrita
- Achega-los a nosa cultura popular: oral e escrita

- Participar na dinamización da biblioteca do centro a través da aula, promovendo o respecto á diversidade lingüística
- Desenvolver a competencia matemática básica e resolver problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo e coñecementos xeométricos sendo capaces de aplica-los a situacións da vida cotiá
- Tratar de acadar unha maior axilidade no cálculo mental para frontar con soltura problemas que se presentan a cotío.
- Coñecer e valorar a contorna natural, social e cultural, destacando importancia do seu respecto e preservación.
- Coñecer, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e a non discriminación por ningunha causa.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas en tódolos ámbitos.
- Favorecer a creación persoal en tódolos ámbitos.
- Motivar ao alumnado para conseguir unha boa presentación nos seus traballos
- Afondar no emprego das tics e no manexo do ordenador para mellorar o seu uso, tendo como referencia os obxectivos establecidosno Plan TiC do centro
- Desenvolver hábitos de traballo individual e en equipo, de esforozo e responsabilidade no estudo; así como actitudes de confianza en sí mesmo.
- Utilizar a Educación Fisica e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social e valorar a hixiene e a saúde.
- Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos
- Dinamizar a hora de lecer con propostas de xogos que favporezan as competencias sociais e non impliquen contacto
- Unificar criterios de avaliación
- Participar activamente no PDI do centro.

- Coñecer os aspectos básicos do propio corpo, aprecialo e contribuir ao seu desenvolvemento.
- Adquirir nunha linguaxe estranxeira a competencia comunicativa básica.
- Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural.
- Coñecer algún personaxe relevante da cultura e sociedade galega.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Practicar exercicios físicos e hábitos elementais de hixiene e alimentación.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas.
- Tratar de que participen nas diferentes actividades amosando unha actitude solidaria.
- Desenvolver unha actitude contraria aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas, así como fomentar una linguaxe inclusiva.
- Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflictos.
- Fomentar xogos inclusivos na aula e no tempo de lecer.

#### 6.3.1.4. 5º e 6º de Educación Primaria

O equipo do terceiro ciclo está formado polos seguintes compoñentes:

Titores e titoras

5º A: Ana Márquez Moreno

5º B: Ángela Gómez Pérez

5º C: Luisa María Vidal Gómez Travecedo

5º D: Sara Altair Rodríguez Palacios

6º A: Martiño Riera Rodríguez

6º B: Esther García Facal

6º C: Nuria Fernández de Moral 6º A: Ángela Gómez Pérez

Especialistas:

María Luisa Méndez Balado (Orientadora)

Íñigo Costas Soliño (Música)

María Cruz Fernández Basalo (Inglés)

Óscar L. Mourenza Fernández (Educación Física)

María del Pilar Ferreiro Broz (Pedagoxía Terapéutica)

María Dolores López Martínez (Mestra de Relixión Católica)

Ana María Seijo López (Ciencias Naturais e Sociais)

Contamos con sete aulas, 4 en 5º nivel, con 80 alumnas e alumnos e tres en 6º nivel con 75.

As reunións de nivel e de ciclo celebraranse o cuarto luns de cada mes, segundo o contempla a Programación Xeral Anual, e todas as veces que se considere necesario.

Os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso 2023-2024 serán os seguintes:

-Mellorar a adaptación emocional e social do alumnado.

-Conseguir autonomía persoal e integración social no ámbito escolar.

-Fomentar a mediación como estratexia na resolución de conflitos entre o alumnado, fomentando a non discriminación mediante condutas non sexistas, racistas…

-Iniciarse no emprego de edixgal, como recurso de apoio á aula, e desenvolver de xeito xeral as directrices establecidas no Plan Dixital.

-Levar a cabo revisións na metodoloxía destinadas a mellorar a aprendizaxe do alumnado destes niveis, principalmente os que presentan necesidades educativas especiais.

-Desenvolver, dentro das programacións, actividades que dinamicen o PDI de centro proposto desde a BE: Xogos populares.

-Colaborar con programas da Consellería: Plan Proxecta+ (Voluntariado Miúdo).

-Coordinarse co IES Agra do Orzán confeccionando o proxecto de tránsito entre etapas.

### 6.3.1.5. Comisión de Coordinación Pedagóxica

A composición, a organización e as competencias desta Comisión están recollidas no artigo 62 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantile dos Colexios de Educación Primaria. Polas características do noso centro e para atender a todas as demandas da comunidade escolar, funcionaremos cos coordinadores de equipos docentes de cada un dos niveis, o primeiro luns de cada mes e cando se considere preciso por razóns de urxencia.

Durante este curso escolar a composición será a seguinte:

Óscar L. Mourenza Fernández (Director)

Ana María Seijo López (Xefa de Estudos)

María Luisa Méndez Balado (Xefa do Departamento de Orientación e Secretaria da CCP)

Clara Félix Pérez (Coordinadora EI)

Olalla Fernández García (Coordinadora 1º e 2º niveis)

María Jesús García Durán (Coordinadora 3º e 4º niveis)

Martiño Riera Rodríguez (Coordinador 5º e 6º niveis)

Íñigo Costas Soliño (Coordinador E.D.L.G)

Begoña Tordera de Arriba (Coordinadora de Biblioteca)

Lara Penas Tizón (coordinadora de Igualdade)

Pilar Ferreiro Broz (PT)

Lidia Bello Novo (PT)

Laura Calderón Teijido (AL)

Ana María Tomás Lozano (AL)

Beatriz Souto Rial (PT)

Bruno López Ferro (PT)

As accións prioritarias a realizar durante o presente curso escolar serán as seguintes:

1. Desenvolver actividades do ámbito emocional en todo o alumnado.
2. Revisar e actualizar o Plan de Convivencia
4. Propoñer liñas de acción para o Plan de Igualdade do centro
5. Revisar o Plan de Acollida para novos alumnos e o PAT.
6. Coordinar a concreción curricular e as programacións.
7. Canalizar a Formación do Profesorado.
8. Fomentar a participación do centro en plans de mellora.
9. Estudar os resultados das probas de avaliación externa previstas na lexislación..

10. Fomentar a Lectura e o uso da Biblioteca do centro.
11. Seguir o Plan de Absentismo Escolar en coordinación cos Servizos Sociais.
12. Impulsar actividades complementarias: Magosto, Nadal, Letras Galegas, Día da Paz…
13. Organizar os apoios e valorar necesidades do alumnado do centro.
14. Impulsar o desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.

#### 6.3.1.6. Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares organizadas polo centro

Membros integrantes do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

- Pilar Ferreiro Broz: Pedagoxía Terapéutica.
- Ángela Gómez Pérez. Ed. Primaria
- Laura Leira Santiso. Ed. Primaria
- Clara Félix Pérez. Ed. Infantil
- M.ª Cristina Méndez Sánchez. Ed Primaria
- Carolina Míguez García: Ed. Infantil.
- M.ª Jesús Pérez Pérez. Ed. Primaria.
- Mª Dolores López Martínez: Coordinadora.

REUNIÓNS:

As reunións celebraranse os luns, previa convocatoria das mesmas, establecéndose con carácter xeral o terceiro luns de cada mes, podendo sufrir modificacións segundo as necesidades do centro. Así, con carácter excepcional poderanse celebrar outras reunións dentro do horario do centro e co consentimento dos membros que constitúen o equipo.

OBXECTIVOS XERAIS:

Ao longo do curso 2024-2025 o Equipo de Actividades Complementarias seguirá en liñas xerais os obxectivos do curso pasado, elaborados a partir dos establecidos en cursos anteriores, e intentará aportar ideas e actividades novedosas para o alumnado.

1º) Promover o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, completando a acción educativa da escola.

2º) Tratar de mellorar a prestación educativa, abordando aspectos formadores que non poden ser tratados suficientemente no réxime ordinario das clases.

3º) Propiciar a convivencia dentro da aula e entre as diferentes etapas educativas.

4º) Facilitar o contacto na entorna.

5º) Favorecer a formación para o lecer, á vez que o desenvolvemento social e cultural do alumnado.

6º) Fomentar a implicación da comunidade educativa en diferentes actividades desenvolvidas ao longo do curso.

7º) Colaborar cos diferentes equipos do centro, incluindo o Plambe como temática central, e partindo dela para realizar as distintas actividades.

8º) Fomentar a educación emocional e responsable.

9º) Fomentar a decoración de portas e corredores.

ACTIVIDADES NO CENTRO:

**FESTA DO SAMAÍN E MAGOSTO: :** A determinar polo EDL e en colaboración co mesmo

**O NADAL:** Concurso de postais. Data límite de entrega o 9 de decembro. Eleccións de 2 postais por aula, o EACE elexirá unha de primaria e outra de infantil, para felicitar as festas a toda a comunidade educativa.

Ademais deste tradicional concurso de postais, proponse facer un emparellamento por aulas de xeito que cada aula felicite o Nadal a outra mediante unha postal colectiva (cartolina grande).

En relación ao PDI deste ano "O mar" colaboraremos nas actividades que se propoñan.

Retómase a proposta das Badaladas de Fin de Ano e un baile, a nivel de centro.

**O DÍA DA PAZ:** O día 30 de Xaneiro cada aula celebrará esta data con diversas actividades. Completaremos esta conmermoración cun acto conxunto no pavillón ou no patio do colexio , si as condicións atmosféricas o permiten.

**O ENTROIDO:** Celebrarémolo o venres, 28 de febreiro, en vindeiras reunións estableceráse a temática que partirá do tema central de este curso "O mar" ,para o desfile arredor do centro.

**O DÍA DAS LETRAS GALEGAS**: A determinar polo EDL e en colaboración co mesmo

**SAÍDAS ORGANIZADAS POR CURSOS:**

**EDUCACIÓN INFANTIL:*

- 4º Educación Infantil:
- Coruña de aventura: Rutas urbanas animadas: Parque de Santa Margarida: Espertando os sentidos.
- Biblioteca Ágora
- Acuario
- Concierto
- 5º Educación Infantil
- Coruña de aventura: Rutas urbanas animadas: Historias de María Pita.
- Acuario
- Teatro
- Concierto
- 6º Educación Infantil:
- Coruña de aventura: Rutas urbanas animadas:Un museo ao aire libre (Xardíns Méndez Núñez).
- Teatro

- Concierto
- Fin de curso:  Acuario

*EDUCACIÓN PRIMARIA:*

1º CURSO:

- Rutas urbanas (Xardíns Méndez Núñez)
- Teatro Fórum: “KYOKI”
- Fundación M.ª José Jove
- Bomberos
- Acuario
- Fin de curso:

2º CURSO:

- Rutas urbanas: “Tesouros M.ª Pita”
- Acuario
- Concierto
- Teatro Fórum: “KYOKI”
- Fundación Abanca:
- Fin de curso:

3º CURSO:

- Teatro: “HUGO”
- La  Voz de Galicia
- Castro de Elviña
- Concierto “Banda”
- Fin de curso:

4º CURSO:

- Teatro : “ Hugo”
- Casa de las ciencias. Planetario
- Taller: “ Nutrición y dieta equilibrada”
- Concierto “Banda”
- Fin de curso: A Corax fauna

5º CURSO:

- Primeros auxilios no centro
- Residuos urbanos Coruña
- Concierto “Banda”
- Concierto tradicional
- Itinerarios “A Coruña praza forte do reino de Galicia”
- A Telva Coawa)
- Fundación M.ª José Jove
- Lixo mariño( Sta. Cruz) CELDA
- Muncyt ( taller de electricidad)

6º CURSO:

- Itinerarios: “ Prazas con poder”
- Concierto “Banda”
- Concierto tradicional
- Planetario (Astronomía)
- Domus ( autómatas de cartón)
- Obradoiro de igualdade

Esta programación queda aberta a posibles actividades didácticas que se oferten ao longo do curso e que se poidan realizar.

### 6.3.1.7. Adenda ao proxecto Lingüístico 2024/2025

**1.- INTRODUCIÓN**

**2.- COMPOÑENTES DO EDLG PARA O CURSO 2024/2025**

**3.- LINGUA MATERNA PREDOMINANTE NO 4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**4.- ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO OU CON DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS COOFICIAIS**

**5.- MODIFICACIÓN DE IMPARTICIÓN DE MATERIAS**

**6.- INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

**7.- OUTROS PROGRAMAS**

**8.- INCLUSIÓN NO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

## 1.- INTRODUCIÓN:

Segundo o establecido no decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 14.3 o proxecto lingüístico do centro deberá ser remitido aos servizos de inspección educativa cada catro anos.

Por outra banda e segundo o indicado no artigo 14.4, cada ano os centros educativos deben elaborar unha adenda que se engadirá ao Proxecto Lingüístico do centro, no cal se incluirán entre outros aspectos o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de Educación Infantil e as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega.

Atendendo a estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte "adenda" correspondente ao curso 2024/2025, cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo.

## 2.- COMPOÑENTES DO EDLG PARA O CURSO 2024/2025

Os membros do EDLG para este curso son os seguintes:

- Nuria Fernández Del Moral
- Esther García Facal
- Martiño Riera Rodríguez
- Beatriz Rodríguez Vilariño
- Begoña Villanueva Modino
- Alejandra Candal Otero
- Cristina Alsira Iglesias Fernández
- Ana Isabel López Bergantiños
- Beatriz Souto Rial
- Íñigo Costas Soliño (coordinador)

## 3.- LINGUA MATERNA PREDOMINANTE NO 4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL

Para o coñecemento da lingua materna predominante entre o alumnado de 4º de Educación Infantil, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010.

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 3 anos no curso 2020/2021 é o castelán nun 54,8%, galego nun 4,8 % , as dúas linguas nun 40,3%.

Neste senso tamén hai que ter en conta que, tal e como se indica no proxecto lingüístico de centro, a lingua habitual da contorna é o castelán.

## 4.- ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO OU CON DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS COOFICIAIS

O noso é un CEIP Plurilingüe de liña tres: nove aulas de Ed. Infantil e dezanove de Ed. Primaria (existe actualmente un desdobre en 5º con catro aulas).

Gran parte do alumnado é de procedencia estranxeira, incorporándose algúns deles o centro unha vez iniciado o curso escolar.

A competencia en galego do alumnado inmigrante: o centro conta con mestras especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, e, en xeral, coa boa disposición dos rapaces e máis as súas familias para a adquisición das dúas linguas de referencia no ensino.

## 5.- MODIFICACIÓN DE IMPARTICIÓN DE MATERIAS

Reparto das áreas en Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua Estranxeira (inglés):

| Áreas | Niveis | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
| Lingua galega e literatura | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Lingua castelá e literatura | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Matemáticas | 5 | 5 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Ciencias Sociais | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 | 2 |
| Ciencias da Natureza | 3 | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 |
| Lingua Estranxeira | 2 | 2 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Educación Plástica e Visual | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Música e Danza | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Educación Física | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Relixión/Proxecto competencial | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Valores sociais e cívicos | - | - | - | - | - | 1 |
| TOTAIS | 11/11/<br>3 | 11/11/<br>3 | 11/10/<br>4 | 11/10/<br>4 | 11/10/<br>4 | 11/10/<br>4 |

Observación: as casiñas de cor azul corresponden a Lingua Galega; as vermellas as de Lingua Estranxeira (inglés) e as amarelas a Lingua Castelá.

## 6.-INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega.

Este curso as actividades do centro educativo irán coordinadas co equipo de biblioteca, as actividades que se realizarán son:

**2.1.** Celebración, participación e conmemoración de:

**2.2.** Propostas de actividades para a celebración do **Magosto e Samaín:**

- Elaboración de contos de medo ou misterio relacionados co tema do PDI

- Lectura dos contos na radio escolar ou gravación de podcast.

- En canto ao Magosto celebrarase a degustación de castañas no recreo e zona correspondente a cada grupo. Proponse ademais do xa tradicional asado de castañas, realizar xogos populares no día do Magosto.
- Intentaremos establecer unhas quendas para que o alumnado de Educación Infantil e Primeiro Ciclo se achegue a desfrutar do “asado de castañas”.
- Eliximos unha canción para poñer ese día nas entradas e saídas.

**2.3.** Semana das **Letras Galegas** coas seguintes propostas a realizar:

- O día das letras 2025 está dedicado ao cancioneiro popular galego.

- Para a realización da semana das letras galegas proponse realizar tamén un certame de cancións tradicionais galegas. Cada grupo traballará unha canción que despois poderá interpretar ou gravar.

**2.4.** Proponse tamén seguir celebrando o **Día de Rosalía** con actividades coordinadas conxuntamente co equipo de biblioteca.

**2.5.** Lévase a proposta de potenciar o uso do galego nos momentos de lecer, concretamente os mércores levarase a cabo "Xogamos en galego" que pretende que o alumnado e profesorado utilicen ese día o galego como lingua habitual.

1. Celebración de festas tradicionais galegas: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...

Na medida do posible tanto as conmemoracións como as festas tradicionais colaboraremos cos outros Equipos para xuntar propostas e folgos:

**2.6.** Adorno dos corredores con carteis (refráns, ditos, cantigas...) relacionadas coas nosas festas tradicionais.

**2.7.** Uso da lingua galega como lingua vehicular.

**2.8.** Promoción de actividades coeducativas facendo visible un mundo libre de prexuízos e estereotipos.

**2.9.** Visibilización das actividades coeducativas propostas.

**2.10.** Procura de materiais coeducativos e inclusivos.

En concreto o programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro será reflectido no Proxecto de fomento do uso do galego, que presentaremos ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística nos prazos que se establezan.

### 6.3.1.8. Plan de integración das TIC

Composición do equipo

| Nome | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Jesús M. Carballo Felpete (Coordinador) | 2 | Educación Física |
| Luisa María Vidal Gómez de Travecedo | | Educación Primaria |
| María Dolores González Fernández | | Educación Física |
| Óscar Licinio Mourenza Fernández | | Educación Física |
| María Alonso Rivero | | Educación Infantil |

Obxectivos para o curso 2024/2025

| **Obxectivo: Seguemento do Plan Dixital.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Revisar e modificar se é preciso o Plan Dixital | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | O plan Dixital foi revisado e actualizado. | | |
| **Responsables** | Equipo de TIC | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Recursos e materiais** | Reunións co asesor e reunións do equipo TIC´s | | |

| **Obxectivo:** Mellora da seguridade | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Instalación de alarma nos tres pavillóns | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Foron instaladas as alarmas. | | |
| **Responsables** | Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Empresas de seguridade | | |

| **Obxectivo:** Renovación de hardware | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Repoñer e actualizar equipos roubados ou obsoletos. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1ºT | 2º T | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Renovar todos os equipos das aulas. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo | | |
| **Recursos e materiais** | Equipos novos. | | |

| **Obxectivo:** Formación en TIC´S | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Formación no manexo dos novos monitores interactivos. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T | 2º T ☒ | 3º T |
| **Indicador** | O profesorado recibiu un curso de manexo dos novos monitores. | | |
| **Responsables** | Equipo de TIC ☐ ☐ | | |
| **Recursos e materiais** | Software gratuito. | | |
| **Acción 2** | Formación en EDIXGAL | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T | 3º T |
| **Indicador** | Uso efectivo do software. | | |
| **Responsables** | Equipo TIC, equipo de profesorado EDIXGAL, Equipo Directivo. ☐ ☐ | | |
| **Recursos e materiais** | Profesionais que imparten os cursos, hardware e sofware facilitado pola Consellería. | | |

| **Obxectivo: Conexión a internet do edificio de Educación de Infantil** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Mellorar a conexión a internet no edificio de EI. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Canalización e cableado de conexión co edificio de Educación Ifantil. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo | | |
| **Recursos e materiais** | Empresas públicas e privadas. | | |

### 6.3.1.9. Proxecto E-Dixgal

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Martiño Riera Rodríguez | 2 | 6º A/ E.Primaria |
| Nome equipo apoio/dinamización | | Nivel/Especialidade |
| Ana Márquez Moreno | | 5º A/ E. Primaria |
| Ángela Gómez Pérez | | 5º B/E.Primaria |
| Luisa María Vidal Gomez Travecedo | | 5º C/E.Primaria |
| Sara Altair Rodríguez Palacios | | 5º D/E.Primaria |
| Martiño Riera Rodríguez | | 6º A/E.Primaria |
| María Esther García Facal | | 6º B/E.Primaria |
| Nuria Fernández del Moral | | 6º C//E.Primaria |
| María Cruz Fernández Basalo | | Lingua Ext. Inglés |

- Cursos e nº de alumnado participante

| Curso | Nº grupos | Nº alumnos | Nº materias | Nº Profesores participantes | Faise uso do espazo Abalar pola familias |
|---|---|---|---|---|---|
| 5º EP | 3 | 80 | 7 | 4 | Si |
| 6º EP | 3 | 75 | 7 | 6 | Si |

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Formar aos novos usuarios na plataforma E-Dixgal** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Colaborar co profesorado novo co uso da plataforma E-Dixgal | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ ☐ | **2º T** ☒ ☐ | **3º T** ☒ ☐ |
| **Indicador** | A totalidade do profesorado que imparte as súas áreas no terceiro ciclo coñece e usa a plataforma E-Dixgal | | |
| **Responsables** | Equipo de profesores do ciclo | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles do profesorado e plataforma EVA/E-Dixgal | | |
| **Acción 2** | Instruír ao alumnado novo no uso da plataforma EVA/E-Dixgal e o uso dos mini-portátiles | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O novo alumnado coñece o manexo básico dos dispositivos e da plataforma | | |
| **Responsables** | Profesorado do ciclo | | |
| **Recursos e materiais** | Plataforma E-Dixgal e dispositivos do alumnado | | |

| **Obxectivo: Impulsar un cambio metodolóxico tomando o programa como punto de partida** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Adaptación/modificación dos materias dispoñibles no programa | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Os equipos de nivel traballan conxuntamente na adaptación/modificación de materias | | |
| **Responsables** | Equipos de nivel | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles do profesorado, miniportátiles do alumnado e plataforma EVA/E-Dixgal | | |
| **Acción 2** | Elaboración de unidades didácticas e outros materiais de creación propia | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Os equipos de nivel traballan conxuntamente na elaboración e creación de materias | | |
| **Responsables** | Equipos de nivel | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles do profesorado, miniportátiles do alumnado e plataforma EVA/E-Dixgal | | |

### 6.3.1.10. Concreción anual do Equipo de Biblioteca

***Compoñentes do equipo da biblioteca:***

Barreiro López, Verónica

Blanco Costa, Alba

Bello Novo,Lidia

Cagigao Bautista, Alejandra

Calderón Teijido, Laura

Castro Sansurxo, Xaila

Coronado Santiago, María

Fernández Basalo, Cruz

Mosteiro Martínez, Santiago

Quintela Abad, Mar

Rodríguez Palacios, Sara-Altair

Sánchez López, Diana

Tomás Lozano, Ana

Tordera de Arriba, Mª Begoña

Velasco Martínez, Sonia

***Obxectivos da biblioteca escolar para o curso 2024/2025***

- Desenvolver o PLAMBE.
- Converter a BE en instrumento vehicular do centro.
- Levar a cabo o Proxecto Documental Integrado do centro de acordo ao PLAMBE: O mar.
- Achegar as actividades da BE á Comunidade Educativa a través do blogue da mesma e as Redes
- Sociais.
- Motivar e fomentar o uso da BE por toda a Comunidade educativa.
- Implicar ás familias nas actividades promovidas pola BE.
- Promover a relación coa biblioteca municipal de referencia:  Ágora.
- Conmemorar as datas e festas sinaladas no calendario escolar, así como as celebracións de días que sexan considerados importantes na educación do alumnado.
- Revisar, actualizar e avaliar o Plan de Lectura e o Plan de Biblioteca.
- Participar na liña de formación do PFPP do centro sobre BE. No presente curso a formación será sobre Polos Creativos.
- Fomentar ALFIN/AMI
- Promover o uso das TICS na BE.
- Levar a cabo unha nova catalogación dos fondos da BE a través de KOHA.
- Realizar as actividades de préstamo, catalogación, registro, expurgo, asignación de carnets …
- Dotar dos fondos que sexan necesarios (libros, xogos, dispositivos…) para a dinamización da BE.
- Crear materiais para a dinamización da BE.
- Desenvolver o proxecto Mochilas Viaxeiras.
- Dotar a cada titoría cunha caixa de contos como biblioteca de aula: Os contos de Draco.

- Promover o Club de lectura, PensArte e calquera actividade que xurda de dinamización da BE.
- Avanzar no desenvolvemento dunha biblioteca inclusiva atendendo á diversidade do alumnado.

***Plan Anual de lectura e Plan Anual de Biblioteca***

No presente curso escolar realizarase unha revisión dos citados plans, así como unha avaliación e seguemento dos mesmos.

### 6.3.1.11. Concreción do Plan Anual do Departamento de Orientación

## CONCRECIÓN DO PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE


1.-INTRODUCCIÓN

2.-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.-OBXECTIVOS.

4.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

4.1.-Principios de actuación.

4.2-Accións prioritarias do Departamento de Orientación

4.2.1.-Con relación aos alumnos.

4.2.2.-Con relación aos profesores.

4.2.3.-Con relación ás familias.

4.2.4.- Outras actividades

4.3.- Actuacións e temporalización.

4.4.- Horario

5.-ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS DE ATENCIÓN AO ACNEAE.

6.-PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALACIÓN E MELLORA DO PLAN.

1. INTRODUCIÓN

Para o presente curso 2024/25 seguiranse as liñas trazadas nos cursos anteriores polo DO do CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño, coas modificacións que se consideren oportunas segundo os resultados obtidos anteriormente e de conformidade co establecido no D. 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa comunidade, en relación aos departamentos de orientación.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación como órgano de coordinación das accións orientadoras e titoriais que se levan a cabo no centro está composto por:

<table>
<tr><th colspan="2">Posto</th><th>Nome</th></tr>
<tr><td rowspan="4">Coodinadoras</td><td>Coord. EI</td><td>Clara Félix Pérez</td></tr>
<tr><td>Coord. 1º Ciclo de EP</td><td>Olalla Fernández García</td></tr>
<tr><td>Coord. 2º Ciclo de EP</td><td>Mª Jesús García Durán</td></tr>
<tr><td>Coord. 3º Ciclo de EP</td><td>Martiño Riera Rodríguez</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="4">Especialistas PT</td><td>Mª Pilar Ferreiro Broz</td></tr>
<tr><td>Lidia Bello Novo</td></tr>
<tr><td>Beatriz Souto Rial</td></tr>
<tr><td>Bruno López Ferro</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="2">Mestras AL</td><td>Laura Calderón Teijido</td></tr>
<tr><td>Ana Mª Tomás Lozano</td></tr>
<tr><td colspan="2">Xefa Departamento Orientación</td><td>Mª Luisa Méndez Balado</td></tr>
</table>

Este Departamento está adscrito ao IES " Agra do Orzán de A Coruña.

3. OBXECTIVOS

Partindo do obxectivo xeral de "*contribuír ao desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado dende o comezo da súa escolaridade*", definimos os seguintes obxectivos máis específicos para o presente curso:

- Deseñar accións para á prevención de problemas de desenvolvemento/aprendizaxe.

- Avaliar ao alumnado que presente necesidades diante da solicitude do profesorado, a familia, xefatura de estudos ou ben cando a xefatura do DO así o considere.
- Programar propostas educativas diversificadas en canto á organización, aos procedementos, á metodoloxía e á avaliación adaptadas ás necesidades persoais de cada alumno e alumna.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento precisos para a integración do alumnado, dando especial relevancia aos períodos escolares e persoais de maior dificultade (conflitos interpersoais, cambio de etapa educativa...)
- Participar na mellora da convivencia no centro.
- Impulsar a acción titorial, colaborando na realización, seguimento, avaliación e revisión dos Plan de Acción Titorial, o Plan de Acollida e o Plan de Atención á Diversidade como instrumentos dunha educación de calidade.
- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia a través do Plan de Acollida.
- Facilitar o tránsito entre etapas educativas.
- Propoñer iniciativas que permitan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro e dos que poda ofertar o entorno.
- Colaborar co profesorado no deseño e execución de medidas de atención á diversidade precisas.
- Facilitar a colaboración e coordinación entre membros do DO e co resto do profesorado.
- Facilitar a implicación das familias nas labores educativas do centro.
- Dinamizar medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.
- Participar no seguimento do P.E. incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
- Impulsar a colaboración e a coordinación co IES ao que está adscrito o centro.
- Favorecer a colaboración e coordinación cos recursos externos (servizos sociais, sanitarios e entidades colaboradoras)

## 4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

### 4.1.-Principio de actuación:

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada aos seguintes principios de actuación:

- *Prevenció*n: implica traballar para anticiparse a posibles dificultades, desenvolvendo unha actuación proactiva.

- *Desenvolvemento*: conseguir o máximo desenvolvemento de todas as potencialidades do alumnado considerando ao individuo en continuo proceso de desenvolvemento persoal.
- *Universalidade*: actuación dirixida a todo o alumnado e todos os niveis.
- *Cooperación*: articular un traballo conxunto e coordinado de todos os axentes implicados.
- *Demanda*: Se elaborarán programas de intervención na medida en que sexan sentidos como necesidades pola comunidade educativa.

**4.2.-Accións prioritarias do Departamento de Orientación.**

Para o presente curso 2024-2025, e tendo en conta a Circular 10/2010 na súa instrución cuarta, as accións prioritarias de actuación que se establecen dende o DO son as seguintes:

4.2.1.- RESPECTO AO ALUMNADO:

- Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais e con dificultades de aprendizaxe.
- Organizar dende o Departamento de Orientación os apoios a alumnado con necesidades educativas e realizar un seguimento dos mesmos.
- Atención individualizada/grupal cando as circunstancias o requiran para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Deseñar e aplicar programas de intervención en habilidades sociais.
- Establecer reunións periódicas cos Servizos Sociais do Concello e outros servizos externos cando sexa necesario para o seguimento dos distintos casos.
- Colaborar na integración e inclusión do alumnado así como no seu desenvolvemento persoal e educativo.
- Fomentar a tolerancia e a mellora da convivencia.

4.2.2.- CO PROFESORADO:

- Colaborar na integración e inclusión do alumnado así como no seu desenvolvemento persoal e educativo.
- Colaborar na realización ou actualización do Plan de Acción Titorial (PAT).
- Realizar reunións de seguimento para o alumnado atendido polo departamento e necesidades que poidan xurdir.
- Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de todo o alumnado.
- Apoiar aos/ás titores/as na realización da avaliación inicial do alumnado.

- Revisar xunto coas persoas titoras, os aspectos referentes ao acollemento de novo alumnado e atender ás súas diferenzas.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para alumnado procedente do estranxeiro.
- Asesorar e colaborar no preciso, respecto ás medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.
- Participar no seguimento e actualización dos documentos de A.C. dos alumnos/as con n.e.a.e. en colaboración co profesorado implicado.

4.2.3.- RESPECTO ÁS FAMILIAS E Á COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Asesorar ás familias cando as circunstancias así o aconsellen nos aspectos educativos e académicos dos seus fillos e fillas.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos e alumnas.
- Realizar entrevistas persoais cando sexa oportuno.
- Informar ás familias dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das accións que se levarán a cabo.
- Fomentar a tolerancia e a mellora da convivencia.

4.2.4.-OUTRAS ACTIVIDADES

- Cooperar cos membros do EOE no que se considere preciso.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos, institucións e profesionais externos ao centro educativo no que a atención á diversidade se refire.
- Confección dos materiais do DO (follas de rexistro, solicitudes de avaliación psicopedagóxica, autorizacións de apoio, autorizacións de intervención do EOE...)
- Establecer criterios, a través de reunións no Departamento sobre: solicitudes de avaliacións psicopedagóxicas, organización de reforzos educativos, programas de intervención, organización de apoios…
- Participar na elaboración/revisión de documentos do centro relativo á atención a diversidade.
- Participar no deseño de programas de mediación, habilidades sociais e resolución de conflitos.
- Participar nas reunións co IES ao que está adscrito.

- Participar nas reunións que se establecen nos Servizos Sociais do Concello.

**4.3.-Actuacións e temporalización.**

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 01 | Asesoramento á Comunidade Educativa | Orientadora | Comunidade educativa | Todo o curso |
| 02 | Proposta de adquisición de material do D.O. | Orientadora | Departamento de Orientación | Todo o curso |
| 03 | Organización dos horarios do persoal ATE | Orientadora e Xefa de Estudios | Alumnado con necesidade de ATE | 1º quincena de setembro |
| 04 | Proposta de apoios dos mestres de AL/PT | Orientadora e mestres de AL e PT | Titores/as ACNEAE | Setembro |
| 05 | Proposta de organización dos apoios do profesorado de con dispoñibilidade horaria | Orientadora e Xefa de estudios | Titores/as do alumnado NEAE | Mes de setembro |
| 06 | Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio | Orientadora | Xefatura de estudios | Setembro |
| 07 | Revisión e reactivación de solicitudes realizadas no curso anterior ós EOE que non foran atendidas. | Orientadora | EOE | Setembro/outubro |
| 08 | Elaboración dos informes específicos solicitados no caso de alumnado con NEE, destinatario de axudas convocadas polo MEC para a reeducación pedagóxica e/ou da linguaxe. | Orientadora | MEC, familias. | Setembro/xuño |
| 09 | Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación. | Orientadora | D O, Claustro e Consello Escolar | Setembro 1º semana de Outubro |
| 10 | Realización das avaliacións psicopedagóxicas ditames, etc e dos correspondentes informes. | Orientadora | Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias | De outubro a maio |
| 11 | Asesoramento na realización e seguimento das ACs | Departamento de Orientación | Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos. | Todo o curso |
| 12 | Asesoramento xeral na acción titorial | Departamento de Orientación | Profesorado | Todo o curso |
| 13 | Reunións do Departamento de Orientación | Orientadora | Membros do DO | Todo o curso |

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 14 | Reunión varias: familias, equipos docentes, servizos sociosanitarios… | Orientadora | Alumando, familias… | Todo o curso |
| 15 | Asistir ás sesións de avaliación | Orientadora | Equipos docentes | Na avaliación inicial e ao remate de cada trimestre |
| 16 | Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación | Departamento de Orientación | Profesorado titor e profesorado de apoio | Maio - Xuño |
| 17 | Asesoramento e colaboración na elaboración e revisión de documentos do centro. | Departamento de Orientación | Claustro, Equipo Directivo | Todo o curso |
| 18 | Actuacións promotoras de Convivencia | Departamento de Orientación | Comunidade Educativa | Todo o curso |
| 20 | Revisión/reposición e actualización do material específico DO | Departamento de Orientación | Departamento de Orientación | Todo o curso |
| 21 | Avaliación do desenvolvemento do Plan Anual de Actividades do DO | Departamento de orientación | Membros do Departamento | Maio- Xuño |
| 22 | Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | Orientadora | Xefa de Estudos Expediente do alumnado Orientador do IES | Xuño |
| 23 | Colaboración co IES no paso do alumnado a Secundaria. | DO de ambos centros | Alumnado/familias 6º EP, IES | Xuño |
| 24 | Redacción da memoria do DO | Orientadora | DO, Claustro e Consello | Xuño |
| 25 | Cubrir o Drdadi e Drorienta | Orientadora | Dirección, Sistema de recollida de datos do servizo de orientación | Outubro e xuño respectivamente |
| 26 | Previsión de apoios, AC, alumnado con ATE… para o vindeiro curso | Departamento de Orientación, Equipo docente, equipo directivo | Inspección educativa | Maio/Xuño |

**4.4.-Horario**

A Xefa do Departamento de Orientación presenta o seguinte horario, onde terá que dar resposta a todas as coordinacións mencionadas neste apartado.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00 – 9:50 | Atención a familias | Atención a familias | Atención a familias | Atención a familias | Atención a familias |
| 9:50 - 10:45 | Atención a familias | Orientación | Atención a familias | Orientación | Coordinación docente |
| 10:45 - 11:55 | Coordinación docente | Orientación | Coordinación docente | Orientación | Orientación |
| 11:55- 13:05 | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| 13:05 - 14:00 | Orientación | Orientación | Orientación | | Orientación |
| 16:00 - 17:00 | Atención a familias | | | | |
| 17:00 - 18:00 | Coordinación Docente | | | | |
| 18:00- 19:00 | Xuntanzas | | | | |

5. <u>ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE</u>

Para a atención deste alumnado, ademais das persoas titoras e do profesorado especialista, contamos cos seguintes profesionais dentro do Departamento de Orientación:

- 1 Orientadora
- 4 Especialistas en Pedagoxía Terapéutica (un deles chegado como reforzo para os grupos de 5 anos e 1º de EP dadas as características e discapacidades do alumnado destes niveis).
- 2 Especialistas en Audición e Linguaxe a tempo completo.
- 3 PAC a tempo completo.

Dadas as dimensións do noso centro, a gran cantidade de alumnado con NEAE e os recursos persoais dos que dispoñemos, a tarefa das mestras especialistas en AL e PT centrarase preferentemente na atención do alumnado de NEE.

Por outra banda, trataremos de dar resposta ás necesidades do resto do alumnado mediante apoios por parte dos titores/as e profesorado especialista e o profesorado do PROA, sempre tendo en conta que a atención a este alumnado é tarefa de equipo, que ten carácter procesual, que debe respectar as

diferenzas individuais e que basicamente é preventiva. A finalidade fundamental é a consecución da autonomía persoal e a madurez social do alumnado.
Neste curso 2024-2025, e segundo a revisión das previsións de necesidades educativas especiais feita no mes de setembro, recibirán apoio educativo por parte das especialistas de Pedagoxía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe un total de 17 alumnos/as de E. Infantil e 43 alumno/as de Educación Primaria, Algúns deles con dificultades moi severas que requirirían atención preferente. Quedan fóra de esta atención especializada, por falta de horario do profesorado, uns 20 alumnos/as de primaria con importantes dificultades de aprendizaxe. Este número pode variar ao longo do curso en función da evolución do alumnado, a identificación de novas dificultades ou as novas incorporacións ao centro educativo. Hai tamén casos en estudo.

A Consellería de Educación non atendeu á demanda de máis profesorado de apoio, especialmente a incorporación doutro especialista de AL, pois contamos con alumnado que precisa deste servizo e que ou ben non se atende ou ben recibe un número de sesións insuficiente, tendo que acudir a apoios de gabinetes externos.

Os principios de inclusión e normalización marcarán as liñas prioritarias a seguir na atención educativa que reciba o alumnado de NEE e NEAE.
Tendo en conta que o alumnado do centro é moi heteroxéneo, propóñense unha serie de estratexias metodolóxicas e organizativas de cara á atención deste alumnado que se recollen no Plan Xeral de Atención á Diversidade, o PAT (Programas de prevención, Programa de acollida, Plan de preparación para a ESO) ou a participación no Programa PROA (pendente de resolución…).
Para novos casos que poidan xurdir, os titores/as poñerán en coñecemento do DO (seguindo o protocolo establecido no PXAD) as necesidades atopadas. A orientadora realizará unha primeira avaliación e, de ser necesario, unha valoración máis completa elaborando o correspondente informe psicopedagóxico e un programa de actuación.

## 6. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación do plan realizarase en todas as fases (ao inicio, durante e ao final) do seu desenvolvemento e por parte dos distintos axentes que participarán de forma directa ou indirecta.
Coa avaliación e seguimento preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos deste Plan van sendo acadados e cales deben ser modificados de cara ao vindeiro curso escolar. Deste xeito, a finalidade é a optimización do Plan tras unha reflexión e análise e tendo en conta os seguintes criterios:

- Grado de satisfacción e implicación do profesorado e familias.

- Nivel e grao de coordinación acadado.
- Grado de utilidade do material elaborado: adecuación das técnicas, instrumentos e materiais utilizados.
- Nivel de cumprimento das actividades propostas.
- Calidade da atención cara o alumnado, utilidade dos programas, comunicación co profesorado...
- Nivel de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Grado de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade.
- Grado de coordinación acadado entre o profesorado, coas familias e cos axentes externos.
- Idoneidade do PAT.

O contraste desta información permitirá realizar os cambios necesarios na programación e organización deste departamento realizándose un informe ou memoria final que recollerá os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no desenvolvemento de cada un dos plans de traballo.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- Conclusións e propostas concretas de mellora.

## CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍNDICE

1.- INTRODUCIÓN

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

4.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O PRESENTE CURSO

5.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6.- ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

9.- SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, parcialmente modificada pola LOMLOE: Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro.
En consecuencia da transferencia das competencias en materia educativa establecida polo Estatuto de Autonomía de Galicia, para o noso centro será de aplicación o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia así como a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve dito Decreto.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro. Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual. Art.11.4 do D 229/2011, do 7 de decembro.

No presente documento recóllense, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver categorizadas en ordinarias e extraordinarias, o profesorado responsable de cada actuación, o alumnado ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

A descripción das mesmas e a normativa que as desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP María Barbeito e Cerviño consta de tres edificios independentes e varios patios e pistas deportivas. É un centro de liña tres dende 4º de educación Infantil ata 6º de educación primaria ( no presente curso, hai catro grupos de 5º de EP) que conta cuns 600 alumnos e alumnas. Está adscrito ao IES “ Agra do Orzán” de A Coruña.
A meriande parte do alumnado pertence a familias de clase media-baixa que viven no entorno do centro (Ventorrillo, Agra do Orzán, Bens, A Silva...). Compre destacar que se conta cunha enorme diversidade

cultural (alumnado sen nacionalidade española e alumnado no que un ou os dous proxenitores non a teñen, procedentes fundamentalmente de distintos países africanos, como Senegal, e hispanoamericanos, con predominio de Venezuela, República Dominicana, Perú, Brasil e Cuba).
Destaca tamén unha alta porcentaxe de alumnado con NEAE/NEE. Se temos en conta unicamente o alumnado con certificado de discapacidade, neste momento hai escolarizados 14 alumnas/os en educación Infantil, 19 alumnos/as en Educación Primaria, e alumnos/as có certificado en trámite, o que fai un total de 33 alumnos/as con certificado de discapacidade en grao variable, comprendido entre o 33% e o 51%.
As necesidades educativas son moitas e moi diversas como o **alumnado que se escolariza no noso centro**, podendo diferenciar os seguintes grupos:

- Alumnado que pode necesitar axuda transitoria para superar conflitos ou dificultades puntuais.
- Alumnado con diagnóstico de TDAH, TDL/TEL, TEA, DISLEXIA... (O número de alumnos/as con trastorno do espectro do autismo vense incrementando de maneira considerable nos últimos cursos, contando actualmente con vinte casos e varios máis en estudo).
- Alumnado de nee con distintos síndromes complexos.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe: na adquisición da lectoescritura, de grafía, de expresión escrita, de comprensión lectoescritora, dificultades ortográficas, de lectura (velocidade e fluidez), de cálculo  resolución de problemas.
- Alumnado con dificultades no desenvolvemento cognitivo: razoamento, memoria, atención, e retraso madurativo.
- Alumnado con problemática articulatoria (dislalias), baixo desenvolvemento na pragmática da linguaxe ou con trastorno grave da comunicación e da linguaxe.
- Alumnado con descoñecemento dunha ou das dúas linguas vehiculares (alumnos/as de procedencia ucraína, chinesa, con idioma francés, idiomas africanos).
- Alumnado desmotivado cara ás tarefas escolares e/ou con pouca colaboración familiar  neste aspecto (de etnia xitana, por exemplo).

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás singularidades de cada neno/a, axustando contidos, flexibilizando a súa metodoloxía e procurando a colaboración familiar.

## 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Calquera intervención debe partir dunha adecuada identificación e valoración de necesidades como base para a toma de decisións que permitan orientar a práctica educativa, sendo fundamental a

identificación e valoración temperá a través de instrumentos básicos como a avaliación inicial, a continua e a psicopedagóxica.

Partiuse en todas as aula dunha avaliación inicial referida aos niveis de competencia curricular de cada materia, realizada polo profesorado titor e especialistas de área, colaborando cando foi preciso o Departamento de Orientación.
Tívose tamén en conta a información aportada polas familias e a recibida dos centros de procedencia do alumnado, de ser o caso, así como os informes previos tanto do D.O como dos servizos sanitarios ou de servizos externos.
Esta avaliación inicial foi o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas de Atención á Diversidade que se consideran oportunas para cada alumno ou alumna.
Dado que as necesidades educativas poden aparecer ao longo de todo o proceso educativo, tanto as ordes de avaliación como os decretos de currículo das diferentes etapas educativas establecen a necesidade de levar a cabo un proceso de avaliación continua, cuxos resultados permitan ao docente introducir de forma constante cambios metodolóxicos, organizativos ou na súa proposta curricular que beneficien a todo o alumnado, prestando atención a determinados **indicadores ou signos de alerta**, que poden facer sospeitar a presenza de determinados trastornos e, nos casos en que sexa necesario, demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

<u>Necesidades actuais</u>
Entre as necesidades más frecuentes no alumnado do centro podemos destacar as seguintes:
- Escaso desenvolvemento da linguaxe oral e da capacidade comunicativa: alumnado que polo seu trastorno ten serias dificultades na pragmática da linguaxe, ou con múltiples dislalias e fala inintelixible, alumnado con retraso madurativo con déficit na comprensión oral; alumnado con escasas habilidades comunicativas ou sen linguaxe, alumnado con falta de vocabulario en uso.
- Necesidade de traballar as habilidades cognitivas básicas e as funcións executivas (percepción, atención, memoria, organización e planificación, escoita activa, razoamento lóxico e abstracto).
- Alumnado con problemática condutual que precisa traballar a rixidez cognitiva, tolerancia á frustración, condutas disruptivas (berrar, morder, pegar, empurrar, ...) e desenvolvemento de habilidades sociais básicas para interactuar cos iguais e favorecer as úa integración na aula e no xogo.
- Necesidade de  acadar o nivel lectoescritor correspondente á súa idade.
- Dificultades na área matemática, fundamentalmente no razoamento e resolución de problemas.

- Necesidade de recuperar desfases curriculares máis ou menos significativos (o pasado curso contamos con oito adaptacións curriculares e solicitáronse tres flexibilizacións na etapa de EI). Tamén desfases curriculares motivados pola incorporación tardía ao noso sistema educativo.
- Necesidade de desenvolver a autonomía nas actividades cotiás, na realización das tarefas e no estudo.
- Necesidades específicas de apoio educativo, en moitos casos necesidades educativas especiais.
- Necesidade de adquirir un dominio suficiente das linguas vehiculares.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O PRESENTE CURSO

En base ás necesidades identificadas, establécense os seguintes obxectivos

Obxectivo **xeral**:

- Contribuír ao desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos/as.

A nivel de **centro**:

- Participar na elaboración e actualización do Plan de Acollida (de alumnado e profesorado) e na Transición á E. Primaria e á ESO.
- Organizar e optimizar en colaboración coa Xefatura de Estudos os recursos humanos e materiais do centro para o ACNEAE.
- Potenciar actuacións coordinadas das persoas implicadas na atención á diversidade: familia, alumno/a, profesorado, titores/as, persoa orientadora, equipo directivo
- Canalizar os apoios externos de forma que propicien unha mellora na calidade da educación.

A nivel de **profesorado**:

- Colaborar na atención á diversidade do alumnado: medidas de reforzo educativo , AC...
- Aportar, na medida do posible, material para traballar nas aulas sobre diversos temas como a motivación, os hábitos de estudo...
- Coordinar, en colaboración coas profesoras de Audición e Linguaxe e de Pedagoxía Terapéutica, a atención do ACNEAE.
- Establecer canles de colaboración cos orientadores da zona educativa para favorecer o tránsito dos alumnos de 6º de EP á ESO.
- Promover unha axeitada coordinación e colaboración co profesorado de Educación Infantil e Primaria para acadar unha adecuada continuidade do alumnado nas distintas etapas educativas.
- Coordinación dos especialistas de AL/PT/apoio/mestres en libre disposición cos mestres titores podendo seguir de forma conxunta un plan de traballo.

A nivel de **alumnado**:

- Atender as demandas de avaliación psicopedagóxica, elaborando os correspondentes informes.
- Realización e actualizar informes psicopedagóxicos de aquel alumnado que o precise.
- Atender aos alumnos con NEAE segundo os criterios de preferencia.
- Seguimento das AC.
- Realización de informes de flexibilización, ditame de escolarización ou cambio de modalidade de escolarización.
- Canalizar desde o Departamento de Orientación a resolución de problemas que poidan xurdir: absentismo escolar, problemas graves de conduta, alumnado con necesidades educativas especiais, alumnado estranxeiro con desfase curricular ou descoñecemento do idioma,…

A nivel de **familias**:

- Asesorar ás familias (sempre que sexa preciso) sobre aspectos relacionados co proceso educativo dos seus fillos e fillas e os programas de reforzo que se leven a cabo.
- Realizar entrevistas persoais, sempre que sexa preciso.
- Informarlles sobre os resultados acadados polos seus fillos/as en probas psicopedagóxicas, cuestionarios e entrevistas que se consideren de interese.
- Colaborar na acollida do alumnado que se incorpora ao centro e participar na transición de infantil a primaria.

## 5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para responder ás diferentes necesidades educativas, seguiranse as pautas e os protocolos do PXAD, tendo en conta o estipulado na Sección 2ª do Decreto 229/2011, establecendo as seguintes medidas:

a) **Medidas de carácter ordinario**. Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, tanto ó contexto sociocultural coma ás características do alumnado. Dentro destas levaranse a cabo medidas de carácter organizativo e metodolóxico así coma reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

   Estas medidas concretaranse na programación de aula de cada mestre/a, deseñando estratexias de carácter ordinario que lle permitirán atender á diversidade do alumnado, tales como:

   - Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicos para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
   - Deseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.

- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados- gráficos, audiovisuais, manipulativos para completar os distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Aplicar criterios de avaliación que contemplen diferentes graos de logro.
- Incluír actividades de recuperación e reforzo para aqueles alumnos/as que ó final da secuencia non acadasen os obxectivos previstos.
- Propoñer actividades de ampliación.

b) **Medidas de carácter extraordinario**. Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións en elementos prescritivos do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esencias a nivel organizativo ou nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización, como os apoios das especialistas de PT ou AL, adaptacións curriculares, flexibilización da duración do período de escolarización…

| **MEDIDAS** | | **RESPONSABLE** | **DESTINATARIOS** | **DURACIÓN PREVISIBLE** |
|---|---|---|---|---|
| **ORD** | Reforzo educativo. | Profesorado das distintas áreas | Alumnado con dificultades | Conforme á evolución do alumno/a. |
| **ORD** | Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación | Profesorado das distintas áreas | Alumnado con dificultades | Todo o curso |
| **ORD** | Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores. | Profesorado das áreas correspondentes | Alumnado repetidor e/ou con áreas non superadas | Conforme á evolución do alumno/a. |
| **ORD** | Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social e educación en valores. | Titores | Todo o alumnado | Todo o curso |
| **ORD** | Aula de atención educativa e convivencia. | Pendente de organización | Alumnado disruptivo | Todo o curso |
| **ORD** | Outras actuacións: metodoloxía, organización de espazos, diversificación | Profesorado das distintas áreas | Todo o alumnado | Todo o curso |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | de recursos, etc | | | |
| **EXT** | Apoio do profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagoxía terapéutica | Profesoras de PT/AL | ACNEAE | Conforme á evolución do alumnado |
| **EXT** | AC | Xefa de estudios, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio especializado | ACNEAE | Curso 2024-25 |

6. ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

**6.1 Tipo de necesidades**

Alumnado **sen** Necesidades Específicas de Apoio Educativo

- Con desfase con respecto ao grupo nas técnicas instrumentais, de forma temporal.
- Con problemas no ritmo de aprendizaxe.

Alumnado **con** Necesidades Específicas de Apoio Educativo

NEE **temporais**

- Necesidades no desenvolvemento das funcións superiores:
  - No desenvolvemento motor
  - No desenvolvemento perceptivo
  - No desenvolvemento lingüístico
  - No desenvolvemento lóxico-conceptual
  - No desenvolvemento socio-afectivo
- Necesidades na aprendizaxe das técnicas instrumentais básicas.

NEE **permanentes**

- De carácter psíquico.
- De carácter sensorial
- De carácter físico-motórico.
- Altas capacidades intelectuais
- Trastornos de conduta e trastornos por déficit de atención con hiperactividade (TDAH).

- Trastornos de espectro autista (TEA)
- De carácter afectivo-emocional
- De carácter sociocultural

**6.2. Procedemento para a demanda de intervención do departamento de orientación**

O procedemento para a demanda de intervención do servizo de orientación é o seguinte:

Comunicado da demanda por parte do titor/a á xefa do Departamento de Orientación.

Recheo do modelo de demanda da intervención para a avaliación psicopedagóxica por parte do titor/a.

Entrevista inicial co/a titor/a.

Entrevista cos proxenitores/titores legais do neno/a.

Observación dentro da aula ordinaria, así como nas aulas dos especialistas por parte da orientadora para recompilar información.

Proceso de avaliación: aplicación de probas psicométricas e outras que se consideren precisas.

Redacción do informe psicopedagóxico coa información recadada, se fora o caso.

Comunicación das necesidades educativas atopadas á titoría e á familia.

Posible proporción de pautas a titores e familias.

Intervención do profesorado especialista de considerarse preciso. Elaboración dun programa de intervención por parte do profesorado especialista seguindo as directrices sinaladas no informe de avaliación psicopedagóxica emitido polo DO.

Seguimento da evolución dos alumnos/as que reciben apoio do profesorado especialista.

Para que un alumno/a deixe de percibir este tipo de atención e unha vez superadas as dificultades por parte do pequeno/a, o/a especialista elaborará un informe de alta.

**6.3. Criterios para a organización**

- Apoio na aula ordinaria sempre que sexa posible, tratando de que incida o menor número posible de profesores/as no grupo clase.
- Apoio fóra da aula ordinaria (aula de apoio) nos seguintes casos:

  Alumnado que precisa atención na linguaxe, fala, audición…: atención específica na Aula de Audición e Linguaxe, adaptando as sesións as necesidades do alumnado.

  Alumnado que contan con AC ou aos que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinaria e que o seu retraso escolar lle impida o seguimento adaptado da clase.

Alumnado, que despois da correspondente avaliación inicial se detectan problemas de aprendizaxe que precisan un apoio específico de xeito individualizado.

- As intervencións específicas serán realizadas prioritariamente polo profesorado de apoio (especialistas en PT e AL) e polo resto de profesorado con dispoñibilidade horaria, tratando de que incida o menor número posible de profesores no grupo clase.

**6.4. Criterios de utilización dos servizos de apoio**

Tomando sempre como referentes os principios de inclusión e normalización, a orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidades específica de apoio educativo. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes **criterios prioritarios**:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular significativa.
3. Procurarase continuar cos apoios do curso anterior sempre que non se presentes casos que polas súas características non se valoren como prioritarios.
4. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
5. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.
6. Evitarase a ausencia do alumnado das súas aulas nas materias non instrumentais que favorecen a integración.

**6.5. O reforzo Educativo**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

Con carácter xeral estas medidas deberá elaboralas a profesora ou o profesor que imparte a materia, dentro da aula e co coñecemento do profesorado titor, que deberá informar a xefatura de estudos, departamento de orientación e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. En determinados casos pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria.

Poderá ser obxecto desta medida:

- O alumnado que promocione sen ter acadados os obxectivos.
- Alumnado con avaliación trimestral negativa nalgunha área.

Así mesmo, o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Ao remate de cada curso, a mestra ou o mestre titor informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe acordado no centro.

Os horarios de apoio realizado por persoal con dispoñibilidade horaria poden revisarse ao longo de todo o curso, dependendo das necesidades e demandas de atención ou de novas incorporacións.

Priorzarase o traballo dentro da aula. En casos excepcionais se non fora posible dentro da aula, porase en coñecemento da xefatura de estudos para tomar medidas diferentes ás formuladas, sempre tomando como referencia o Plan de Convivencia do centro.

A persoa de apoio coordinarase no seu traballo co profesorado titor e axudará na organización das actividades e na avaliación do alumnado.

Os horarios de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria serán fixados pola xefatura de estudos e/ou a xefatura do departamento de orientación.

Os apoios serán continuos e constantes no tempo, só podendo ser cesados no caso de que o alumnado obxecto principal do apoio logre unha evolución positiva na totalidade das cualificacións, ou tódolos axentes implicados no proceso educativo do mesmo consensúen unha superación da situación pola que se iniciou o apoio.

## 7. - MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Seguiranse os do P.X.A.D.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Aparecen recollidos no P.X.A.D.

## 9. SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do DO e, en consecuencia, á memoria anual do centro.(Art. 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Esa avaliación-memoria realizarase tendo en consideración:

Datos dos diferentes niveis, aportados polos coordinadores/as de ciclo/nivel.

Datos aportados polo profesorado de apoio (AL e PT), polo profesorado responsable do RE.

Datos aportados polo equipo directivo.

Datos aportados polo propia orientadora

#### 6.3.1.11.1. Plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia.

**Concreción anual do Plan de Convivencia**

O Plan de Convivencia foi aprobado polo Consello Escolar no curso 2017/2018.

As accións a levar a cabo no presente ano académico serán as correspondentes aos cambios lexislativos que se puideran producir. Incluirase o plan de traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia.

No presente curso académico forneceremos, especialmente, os seguintes aspectos:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia e a adptación ao centro.
- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Seguindo as indicacións da ORDE do 23 de agosto de 2023 (DOG 31 de agosto) noméase a Mª Luisa Méndez Balado como coordinadora de benestar e convivencia que asume funcións de coordinación de accións e responsabilidades en torno ao benestar e á protección da comunidade educativa, en especial, do alumnado. Estas accións e responsabilidades deben partir dun proceso colaborativo e compartido pola comunidade educativa en coordinación principalmente co equipo directivo, o departamento de orientación, profesorado e familias.

***Plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia***

***Introdución***

Falamos de convivencia, e un dos principais obxectivos en calquera entorno é conseguir «convivir ben» pero isto en que consiste? En numerosas ocasiones, enfocamos esa convivencia dende a ausencia de

conflitos. Hoxe sabemos que o conflito nos axuda a avanzar e madurar. Cómpre aprender a enfocalo, a resolvelo dende o respecto e a boa comunicación. Valores como a empatía, a solidariedade e a tenrura son básicos para elo. Para medrar neste aspecto teremos que encontrarnos ben, en primeiro lugar con nosoutros e nosoutras mesmas, dándolle sentido as nosas vidas, asumindo as nosas nosas responsabilidades, sabendo xestionar as nosas emocións e vendo en cada situación unha posibilidade de mellorar persoalmente e mellorar o mundo que nos rodea.

Segundo a OMS, no seu plan de acción integral sobre saúde mental, para o período 2013-2020, a saúde ou o benestar emocional é un "estado de ánimo no cal a persoa dáse conta das súas propias aptitudes, pode afrontar as presións normais da vida, pode traballar de xeito máis produtivo e pode facer unha contribución á comunidade".

Un clima de benestar emocional na escola é imprescindible tanto para poder ensinar como para poder aprender. Merece pois a pena emprender proxectos favorables ao benestar emocional de maneira transversal con todas as persoas da comunidade educativa.

**b)** ***Análise do contexto***

O CEIP María Barbeito e Cerviño é un centro público de liña 3 (salvo en 5º de EP que ten catro grupos). Emprázase nun barrio cunha densidade de poboación importante.

Unha parte significativa das familias pertencen á clase media, predominando os matrimonios novos onde traballan ambos, quedando os fillos/as ao coidado, a tempo parcial, dos avós ou doutros familiares. Nos últimos anos, derivado da situación económica xeral, constatamos unha importante perda de postos de traballo nas familias, cunha situación económica complicada.

Por outra parte, o noso centro escolariza a un elevado número de alumnado de procedencia estranxeira, en constante aumento, co problema idiomático, de diferencia cultural e desfase curricular que en moitos casos isto supón. Unha parte importante destas familias vense na necesidade de continuos cambios de domicilio e de centro escolar o que dificulta moitísimo a integración social dos nenos e nenas.

Así mesmo, os horarios de traballo das familias moitas veces fan difícil a conciliación da vida familiar e laboral. Isto supón tamén a imposibilidade dunha axeitada supervisión dos nenos e das nenas polas tardes por parte das súas familias.

Contamos tamén cunha importante porcentaxe de familias desestructuradas nas que en moitos casos a falta de entendemento entre ambos proxenitores afecta ao desenvolvemento dos nenos.

Os resultados das enquisas sobre convivencia no centro nos últimos anos a cualifican como boa, agás pequenos problemas puntuais que poden xurdir, sobre todo, no tempo de lecer. Existen tamén outras

situacións conflitivas que, aínda que ocorren esporadicamente, nos preocupan: certos casos de falta de puntualizade ou absentismo escolar, rexeitamento da aprendizaxe; trato inadecuado entre iguais, condutas disruptivas e agresivas.

Outro aspecto destacado: nos último cursos o profesorado participa en liñas de formación de igualdade, educación responsable, educación emocional, integración de alumnado con NEE, utilización de distintos recursos tecnolóxicos (Innovamat, Edixgal), patios inclusivos... que indican a preocupación e interese pola mellora da convivencia e o benestar do alumnado en particular, e da comunidade educativa.

Partindo desta realidade, é política de centro continuar na liña de levar a cabo diferentes actuacións que contribúan previr e diminuír a conflitividade e mellorar a convivencia no centro, e por iso, para o curso 2024/2025, desde a coordinación de benestar emocional e convivencia, propóñense os obxectivos que se detallan a continuación.

**c) *Obxectivos***

Obxectivos propostos para este curso:

| Obxectivo1: Identificarse ante a comunidade educativa como referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no centro. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización | X | 1º trimestre | | 2º trimestre | | 3º trimestre |
| Responsables | Cood. Benestar, equipo directivo, CCP | | | | | |
| Indicador | Coñecemento da persoa de referencia pola comunidade educativa. | | | | | |

| Obxectivo1: Actualizar do Plan de convivencia adaptándoo á normativa vixente | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización | X | 1º trimestre | | 2º trimestre | | 3º trimestre |
| Responsables | Cood. Benestar, equipo directivo, CCP | | | | | |
| Indicador | Plan de convivencia elaborado | | | | | |

Obxectivo 2:

| Fomentar a participación do alumnado na mellora do benestar e convivencia do centro | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Accións | - Reflexión nas aulas sobre o benestar e recollida de propostas de participación do alumnado.<br>- Uso de metodoloxías colaborativas e cooperativas de aprendizaxe nas aulas. | | | | | |
| Temporalización | X | 1º trimestre | X | 2º trimestre | X | 3º trimestre |
| Responsables | Persoas titoras, DO | | | | | |

| | |
|---|---|
| Indicadores | Iniciativas do alumnado implementadas<br>- Número de titorías que utilizan metodoloxías colaborativas e cooperativas- |

Obxectivo 3: Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización | X | 1º trimestre | | 2º trimestre | | 3º trimestre |
| Responsables | Cood. Benestar, DO | | | | | |
| Indicador | Protocolos remitidos ao profesorado e persoal non docente | | | | | |

Obxectivo 4: Establecer unha canle de comunicación áxil e eficaz para que o alumnado poida notificar de forma anónima situacións de acoso escolar dos que sexan testemuñas.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Accións | Reiterar a función do punto laranxa nas distintas titorías. | | | | | |
| Temporalización | X | 1º trimestre | X | 2º trimestre | X | 3º trimestre |
| Responsables | Persoas titoras, Cood. Benestar, profesorado, DO | | | | | |
| Indicadores | Intervencións e protocolos de acoso atendidos | | | | | |

Obxectivo 5: Promover a bo trato e a cultura de paz

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Accións: | - Traballar nas titorías contidos relativos a dereitos da infancia, maltrato e acoso escolar, violencia contra a muller, discriminación das persoas pola raza, xénero, procedencia, cultura<br>- Celebración de datas significativas (Día da paz, 25 de Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, Día da Muller, Día internacional dos derechos de la infancia, Día internacional das persoas con discapacidade .) | | | | | |
| Temporalización | X | 1º trimestre | X | 2º trimestre | X | 3º trimestre |
| Responsables | Cood. Benestar, DO, Equipo de Igualdade | | | | | |
| Indicadores | - Información do alumnado sobre o bo trato e a cultura de paz<br>- Alumnado participante en distintas actividades e programas como o Plan Director<br>- Proposta de actividades para a celebración de datas significativas e participación do alumnado nas mesmas. | | | | | |

| Obxectivo 6: | Visibilizar e poñer en valor a diversidade de culturas que están presentes no noso centro. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Accións: - | Realización dun Mural de centro/cartelería en diferentes espazos que visibilice a diversidade de países de orixe do noso alumnado. | | | | |
| | Temporalización | X | 1º trimestre | X | 2º trimestre | X | 3º trimestre |
| | Responsables | Claustro | | | | |
| | Indicadores - | Mural realizado. | | | | |

**d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan**

Este plan de traballo realizarase trimestralmente recollendo o grao de consecución dos obxectivos propostos, as dificultades atopadas no seu desenvolvemento con propostas de modificación e mellora, de ser o caso. Os resultados finais incluiranse na memoria final do presente curso.

### 6.3.1.12. Concreción anual do plan de Igualdade

## ÍNDICE


1. **Introdución**
2. **Contextualización normativa e do centro**
3. **Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.**
4. **Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**

**4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

**4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

**4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

**4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

5. **Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

**5.1. Organización do centro.**

**5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

**5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

**5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

6. **Seguimento e avaliación.**

**ANEXO I: ACTIVIDADES (CURSO 2024/2025)**

**ANEXO II: GLOSARIO**


1. **Introdución**

O CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño atópase na rúa Alcalde Salorio Suárez, na cidade da Coruña. Está emprazado nun barrio grande e con moita poboación, entre a zona industrial da cidade

(refinería, polígonos industriais,...) e a zona comercial (rúa Barcelona, Os Rosais...). O barrio conta con variados servizos como: un polideportivo situado nos terreos do colexio, un ambulatorio, unha oficina de Correos e Telégrafos, un instituto de secundaria e bacharelato, asociacións de veciños (Agra do Orzán, Ventorrillo) e diversos clubes deportivos. Ten paradas de varias liñas do transporte público e paradas de taxis.

As instalacións do centro distribúense en tres edificios: un edificio administrativo, un edificio central coas aulas de primaria e un, algo máis afastado, que recolle a maioría das aulas de infantil.

O centro conta con amplos espazos abertos: dous patios cubertos e seis pistas adicadas a diferentes deportes, que comprenden unha gran extensión de terreo.

Esta disposición permite e facilita a realización de actividades variadas, moitas das cales teñen directamente que ver coa comunicación e as interaccións sociais.

Este centro posúe un Plan de Convivencia que analiza a situación actual da convivencia no centro e os principais conflitos que xorden de xeito máis habitual nos diferentes ciclos, así como as accións e intervencións precisas para abordar as condutas contrarias á convivencia. Este documento recolle tamén os principais obxectivos, entre os que se conta a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. Este documento complétase coa información recollida nas NOF (actualizadas en 2021).

Nos últimos cursos, viñemos realizando una actualización de documentos e plans de centro adoptando unha perspectiva de xénero tanto no emprego da linguaxe, facendo uso dunha linguaxe non sexista, como no desenvolvemento de accións e medidas concretas que repercutan directamente nos obxectivos coeducativos fixados neste plan. Actualmente estamos a traballar na revisión do Proxecto Educativo, tarefa para a que se terán en conta os mesmos criterios.

Con este plan de igualdade pretendemos deseñar, programar e coordinar diferentes tipos de actuacións para facer a nosa aportación, dende o contexto educativo, a unha sociedade democrática e respectuosa coas diferenzas, aberta ao diálogo e á participación. Nesta liña, traballamos para ofrecer aos rapaces e rapazas un ambiente seguro no que desenvolver a súa personalidade de xeito integral, isto é, atendendo á comprensión da súa corporalidade, dos seus sentimentos e emocións, dos comportamentos propios e alleos, dos valores sociais e dos dereitos humanos. A educación afectivo-sexual será abordada de xeito transversal en todos os aspectos da vida escolar, xerando unha cultura escolar positiva que promova a inclusión e o respecto de todas as persoas.

Este plan de igualdade basearase no seguintes principios:

- **Valores democráticos**. A coeducación constitúe un modelo educativo garante dos valores que sustentan as sociedades democráticas: igualdade, liberdade e xustiza.
- **Transversalidade**. A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo e, desde alí, permeará a todos os documentos e plans do centro.
- **Inclusión**. O establecemento da perspectiva de xénero como eixo vertebrador supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero, expresión de xénero ou orientación sexual.
- **Igualdade de oportunidades**. Desde este centro educativo, queremos contribuír á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes dispoñan das mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- **Visibilidade**. O plan de igualdade pretende contribuír á transmisión de coñecementos, saberes, actuacións e valores libres de estereotipos de xénero, ao tempo que busca poñer en valor as aportacións das mulleres nos diferentes eidos da vida en sociedade.

## 2. Contextualización normativa e do centro

Este plan ten como referentes legais os seguintes textos:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que cal se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e regúlase a súa avaliación.
- Orde de 30 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e regúlase a súa avaliación.
- Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

Tendo en conta que este plan pretende ser un documento vivo, que será ampliado e/ou corrixido con periodicidade, consideramos pertinente comezar a análise da situación do centro a partir dos datos obxectivos de matriculación por sexos[1] (datos obtidos en setembro de 2024), desglosados por aulas e segregados por sexos:

| | NENAS | NENOS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 4º EI A | 8 | 8 | 16 |
| 4º EI B | 9 | 6 | 15 |
| 4º EI C | 10 | 5 | 15 |
| 5º EI A | 11 | 7 | 18 |
| 5º EI B | 10 | 9 | 19 |
| 5º EI C | 9 | 9 | 18 |
| 6º EI A | 13 | 12 | 25 |
| 6º EI B | 11 | 13 | 24 |
| 6º EI C | 12 | 12 | 24 |
| 1º EP A | 13 | 11 | 24 |
| 1º EP B | 11 | 12 | 23 |
| 1º EP C | 12 | 11 | 23 |

1 A clasificación por sexos farase tendo en conta o sexo sentido, e non o sexo biolóxico, no caso de existir algunha discrepancia.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2º EP A | 11 | 11 | 22 |
| 2º EP B | 12 | 10 | 22 |
| 2º EP C | 11 | 10 | 21 |
| 3º EP A | 11 | 12 | 23 |
| 3º EP B | 11 | 13 | 24 |
| 3º EP C | 10 | 13 | 23 |
| 4º EP A | 13 | 12 | 25 |
| 4º EP B | 15 | 10 | 25 |
| 4º EP C | 11 | 11 | 22 |
| 5º EP A | 10 | 10 | 20 |
| 5º EP B | 11 | 9 | 20 |
| 5º EP C | 9 | 11 | 20 |
| 5º EP D | 11 | 9 | 20 |
| 6º EP A | 13 | 12 | 25 |
| 6º EP B | 16 | 9 | 25 |
| 6º EP C | 11 | 14 | 25 |
| TOTAL | 315 | 291 | 606 |




Segundo os datos obxectivos sobre o alumnado recollidos para esta análise, atopámonos cunhas cifras bastante equilibradas, aínda que con maioría feminina: hai 315 rapazas matriculadas no centro,

fronte aos 291 rapaces. Nos últimos cursos a tendencia que observamos é que o alumnado iguálase en relación á distribución por sexos.

Prestando atención ao alumnado NEE/NEAE que recibe apoio por parte do departamento, obtemos as seguintes cifras:

| Alumnado NEE/NEAE | **NENAS** | **NENOS** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| INFANTIL | 6 | 11 | 17 |
| PRIMARIA | 26 | 40 | 66 |
| **TOTAL** | 32 | 51 | 83 |

# Alumnado NEE/NEAE




Podemos observar que a meirande parte do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) e con necesidades educativas especiais (NEE) é de sexo masculino.

O actual equipo directivo do centro está conformado por dúas mulleres e un home. Así mesmo, podemos considerar a segregación por sexos nos órganos colexiados do centro:

| | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Claustro | 45 | 5 | 50 |
| Consello Escolar | 10 | 4 | 15 |

A representación feminina é maioritaria nos órganos colexiados do centro, o que responde á realidade do funcionamento diario do establecemento, xa que a maior parte do persoal que traballa nel son mulleres.




4. **Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**

- **Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**
  - Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade de oportunidades na documentación do centro.
  - Visibilizar o papel das mulleres e dos homes nos distintos eidos da vida en sociedade (ciencia, literatura, política, etc.).
  - Promover e animar á realización de diversas actividades, desterrando os estereotipos de xénero, en todos os ámbitos: deportivo, científico, lúdico...
  - Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos coeducativos.

- Potenciar o desenvolvemento das propias capacidades, independientemente do sexo da persoa.
- Fomentar o respecto e a igualdade de dereitos para todas as persoas.
- Estender o emprego da linguaxe non sexista por parte de toda a comunidade educativa.

- **Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

3. Visibilizar boas prácticas coeducativas de distintos centros de ensino.
4. Sensibilizar a toda a comunidade educativa da importancia da igualdade de xénero e a coeducación.
5. Facilitar estratexias de xestión das emocións e de resolución de conflitos, resaltando a importancia de establecer límites nas interaccións cos demais.
6. Desenvolver actividades que amosen a postura de toda a comunidade educativa contra as violencias de xénero.
7. Favorecer a investigación e análise crítica do alumnado sobre o seu contorno e sobre os medios de comunicación para detectar situacións, imaxes, actitudes, etc., que reforcen os roles de xénero establecidos, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.
8. Favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos de xénero na reforma e creación de espazos no centro.

- **Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

9. Fomentar o respecto e a igualdade de dereitos para todas as persoas.
10. Propoñer e animar á participación en formacións sobre diversidade afectivo-sexual e o seu tratamento nas aulas.
11. Favorecer a coordinación con axentes externos para sensibilizar a toda a comunidade educativa no ámbito da diversidade afectivo-sexual.
12. Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos, que amosen a realidade da diversidade afectivo-sexual na sociedade.
13. Visibilización de modelos de realización persoal e profesional que rachen cos roles de xénero e o modelo cisheteropatriarcal e que favorezan una perspectiva aberta e plural.

- **Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

14. Fomentar o respecto á libre expresión da identidade en todas as súas manifestacións.
15. Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta a casos de LGBTIfobia.
16. Favorecer a investigación e análise crítica do alumnado sobre o seu contorno e sobre os medios de comunicación para detectar situacións, imaxes, actitudes, etc., que reforcen os

roles de xénero establecidos, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de identidade de xénero, expresión de xénero ou orientación sexual.

**17.** Establecer cauces comunicativos axeitados para denunciar posibles situacións de LGBTIfobia e dalos a coñecer na comunidade educativa.

**18.** Difundir estratexias, informacións e protocolos en materia de diversidade afectivo-sexual.

5. **Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

- **Organización do centro.**

6 Creación dunha Comisión de Igualdade, encargada da actualización e dinamización deste plan.

7 Difusión do plan de igualdade e as súas actividades entre todos os membros da comunidade educativa.

8 Promoción da formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, coeducación e respecto ás diversidades afectivo-sexuais.

9 Recollida e análise da información contida nos partes de incidencia e outros conflitos que teñan lugar no centro.

10 Conmemoración das datas sinaladas no calendario escolar, con especial interese ao 8M, 25N e ás vencelladas ao colectivo LGBTI.

11 Emprego da linguaxe non sexista en toda a documentación do centro.

12 Agrupamentos de clase atendendo a un equilibrio en relación co xénero.

13 Concreción de contidos e actividades para favorecer o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral de todo o alumnado.

- **Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

2. Establecemento de pautas de actualización e revisión dos materiais curriculares con perspectiva de xénero.
3. Elaboración, elección e emprego de materiais curriculares que empreguen a linguaxe inclusiva.
4. Elaboración, elección e emprego de materiais coeducativos, que teñan en conta tanto a igualdade entre homes e mulleres como a representación da diversidade afectivo-sexual que existe na nosa sociedade.
5. Revisión das programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, destacando o papel das mulleres e proporcionando referentes femininos nos diferentes ámbitos da sociedade.

6. Fomento da lectura de libros que aborden cuestións relacionadas coa igualdade, a diversidade afectivo-sexual, os roles de xénero...
7. Análise de informacións dos medios de comunicación cunha mirada crítica, atendendo a cores, imaxes, discursos...

- Coordinación entre todos os membros da comunidade educativa para propoñer, desenvolver e desfrutar actividades coeducativas e respectuosas coa diversidade.
- Fomento da participación das nenas en actividades STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts and Mathematics).

• **Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Desenvolvemento de tempos de lecer dinámicos e inclusivos.
- Fomento de xogos, deportes e actividades para todas as persoas, con independencia do seu sexo.

8. Emprego de materiais e recursos coeducativos abertos á creatividade: xogos de construción, programación e robótica...
9. Inclusión de materiais coeducativos nas mochilas viaxeiras.

- Adquisición de fondos bibliográficos relacionados coa igualdade, a diversidade afectivo-sexual, os roles e estereotipos de xénero...

• **Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Promoción do respecto e da igualdade de dereitos como base de todas as relacións humanas.
- Posta en valor das actividades relacionadas cos coidados entre as persoas.
- Promoción de actividades de intervención social desde a comunidade educativa.
- Fomento de metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Fomentar a corresponsabilidade na realización das tarefas.

6. **Seguimento e avaliación.**

A avaliación debe servir, entre outros aspectos, para contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación, segundo aparece recollido no artigo 140 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, citada anteriormente. Deste xeito, desenvolvemos, en primeiro lugar, a avaliación diagnóstica recollida neste documento coa finalidade de establecer un punto de partida para a configuración desde plan.

Despois, a avaliación continua e formativa será o proceso que permita valorar se os obxectivos propostos neste plan foron axeitados e se as medidas seleccionadas para acadalos foron as máis

convenientes e, se é preciso, realizar as modificacións precisas para ter un novo punto de referencia no camiño cara a igualdade. Este plan, como xa dixemos, debe ser un documento vivo, aberto, en continua revisión e mellora, para o que precisamos retroalimentación e análise.

A retroalimentación vira da parte de todos os membros da comunidade educativa, tanto do alumnado e as familias como dos mestres e mestras á hora de levar a cabo os seus desempeños, en forma de cuestionarios. Poderemos obter tamén información interesante a través dos intercambios comunicativos co alumnado, coas familias e nas diferentes reunións do centro e da observación directa. Estas informacións serán analizadas na Comisión de Igualdade co fin de darlle unha significación e incidir na toma de decisión.

Establécense unha serie de indicadores iniciais que sirvan de referencia á análise:

Con respecto ao alumnado

1. Nivel de participación nas actividades propostas.
2. Valoración das actividades propostas.
3. Utilización dunha linguaxe non sexista.
4. Respecto cara os compañeiros e compañeiras.

Con respecto ao profesorado

**2)** Nivel de implicación e participación no proxecto.
**3)** Nivel de implicación e participación nas actividades propostas.
**4)** Valoración das actividades propostas.
**5)** Utilización dunha linguaxe non sexista e libre de prexuízos.

Con respecto ao plan

- Grao de interese para os membros da comunidade educativa.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración da eficacia das medidas propostas.

## ANEXO I: PROPOSTA DE ACTIVIDADES

**Relación das conmemoracións das que nos encargaremos desde igualdade co PDI do centro que adaptaremos ao equipo baseandonos en "As mulleres e o mar":**

| TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES |
|---|---|---|
| | Todo o | 25 de novembro, Día Internacional contra a |

| | | |
|---|---|---|
| 1º TRIMESTRE<br>-25 de novembro<br>(Día Internacional contra a violencia de xénero) | alumnado e profesorado do centro | Violencia de Xénero; Concienciando ao alumnado que oxalá non tivésemos que celebrar este día e baixo o lema "Que ninguén apague a tua luz" creación dun faro para poer na entrada do centro e darlle a cada aula unha ventá que será a nosa venta de esperanza contra a violencia de xénero no que escribirán unha mensaxe ou debuxo relacionado co traballo que se faga na aula sobre o día. Reparto de pulseiras co lema e un faro. |
| 2º TRIMESTRE<br>-8 de marzo<br>(Día Internacional da Muller) | Todo o alumnado e profesorado do centro | Propoñemos a visita dunha muller relacionada co mar para que expliqueo seu traballo e enfocado a igualdade: se soen ser mulleres as que traballan en oficios relacionados co mar, se hai máis ou menos dependiendo das funcións e diferentes sectores dentro do mar, etc. Propoñemos para a visita o luns 3 ou 10 ou ambos dependendo das clases que participen e días necesarios. Relacionado con esto reparto de mulleres relacionadas co mar entre as aulas e investigación sobre mulleres pioneiras (Ángeles Alvariño, As mulleres de Sálvora…), deportes relacionados co mar, oficios… e colocar a información, imaxes nunha rede con pinzas como exposición nalgún lugar visible no centro. |
| -Todo o curso | Alumnado e profesorado | -Creación dun "recuncho violeta" na entrada do cole. Neste expoñeranse lecturas para levar para á aula e tamén poderanse exponer traballos feitos polo alumnado relacionados coa igualdade. |
| -Todo o curso | Alumnado e profesorado | -Establecer contacto coa Biblioteca Municipal do Ágora ou con Bibliotecas Escolares para solicitar maletas con libros sobre iguladade e poder ofertalas ao profesorado para traballar nas aulas |
| 3º TRIMESTRE<br>-15 de maio<br>(Día da familia) | Todo o alumnado e profesorado do centro | Pediremos as familias unha folla onde estén a familia nalgún lugar relacionado co mar coa foto e información de quen sae na foto, onde están, e alguna curiosidade sobre ese |

| | | |
|---|---|---|
| | | lugar. |
| Todo o curso | Todo o alumnado e profesorado do centro | Continuar coa realización da cartelería do centro xa que se observou o curso pasado que non hai nada. |

## ANEXO II: GLOSARIO

**ACCIÓN POSITIVA:** co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non seconsiderarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas. As medidas de acción positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.

**ACOSO MORAL POR RAZÓN DE XÉNERO:** a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo ou xénero dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

**ACOSO SEXUAL:** a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

**COEDUCACIÓN:** método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas.

**CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL:** creación dunha estrutura e organización da contorna laboral que facilite a mulleres e a homes a combinación do traballo, as responsabilidades familiares e a vida persoal.

**CORRESPONSABILIDADE:** repartición equitativa das responsabilidades domésticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos coidados é imprescindible que o tempo adicado á crianza das fillas e fillos por parte das persoas proxenitoras sexa igual. O significado da corresponsabilidade social ten como obxectivo aumentar a implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente dos homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

**DISCRIMINACIÓN:** o concepto de discriminación incluirá: a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el. b) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo ou xénero. c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou permisos relacionados coa maternidade.

**DISCRIMINACIÓN DIRECTA:** a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo ou xénero de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

**DISCRIMINACIÓN INDIRECTA:** a situación en que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

**EMPODERAMENTO:** termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.

**ESTEREOTIPO DE XÉNERO:** fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso.

**FEMINISMO:** movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

**FENDA DE XÉNERO:** é a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero. As máis coñecidas son:

> **-FENDA SALARIAL:** diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes en todos os sectores da economía.
>
> **-FENDA DIXITAL:** diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información.

Fálase de 1ª fenda dixital cando se trata do acceso, 2ª fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3ª fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.

**HOMOFOBIA:** aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra mulleres ou homes homosexuais, bisexuais ou transexuais.

**IDENTIDADE SEXUAL:** autodefinición que a persoa fai de si mesma como pertencente a un sexo.

**IDENTIDADE DE XÉNERO:** autodefinición da persoa como pertencente a un dos xéneros establecidos culturalmente. Grao de asunción dos comportamentos, actitudes, etc., asociados ao devandito xénero.

**IGUALDADE:** en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertenzan.

**IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES:** fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.

**IGUALDADE DE TRATO:** a igualdade de trato presupón o dereito ás mesmas condicións sociais, de seguridade, remuneracións e condicións de traballo, tanto para mulleres como para homes.

**INTERSEXUAL:** termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida.

**INVISIBILIZACIÓN:** proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes e comportamentos pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso.

**LINGUAXE INCLUSIVA:** é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.

**LINGUAXE SEXISTA:** uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.

**MICROMACHISMO:** comportamento ou expresión "invisible ou de escasa visibilidade" da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.

**MACHISMO:** conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento dunha situación discriminatoria contra as mulleres e contra todas as persoas que non asumen o patrón masculino socialmente dominante.

**ORIENTACIÓN SEXUAL:** é a atracción emocional ou sexual que se sente cara outra persoa. Se a atracción é cara alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara a unha persoa de

diferente sexo, é heterosexualidade, e atracción por persoas de ambos os sexos é chamada bisexualidade.

**PATRIARCADO:** sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home nos diferentes ámbitos.

**PERSPECTIVA DE XÉNERO:** enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..

**ROLES DE XÉNERO:** conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.

**SEGREGACIÓN LABORAL DAS MULLERES:** refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. A segregación pode ser horizontal, cando a concentración se produce en determinadas ocupacións/familias profesionais; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.

**SEXISMO:** actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero.

**SEXO:** conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.

**SOCIALIZACIÓN:** proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.

**TEITO DE CRISTAL:** fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres o mantemento ou o progreso na súa carreira profesional. É unha forma de discriminación indirecta que obstaculiza a promoción das mulleres. Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as responsabilidades domésticas e familiares. Por tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral e social das mulleres, difícil de traspasar, que as impide seguir avanzando.

**TOLERANCIA CERO:** resolución formulada polo Parlamento Europeo en 1997, que ten como obxectivo modificar as actitudes na sociedade, de maneira que, baixo ningún concepto, se tolere ou permita a violencia contra as mulleres a nivel individual, colectivo e institucional.

**TRANSEXUALIDADE:** caracterízase por presentar unha discordancia entre a identidade de xénero e o sexo biolóxico.

**TRANSVERSALIDADE:** en coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, a comunidade educativa.

**TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO:** integración sistemática das situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes, respectivamente, en todas as políticas e actividades, con vistas a promover a igualdade entre ambos os dous xéneros. Implica dar prioridade ao criterio de xénero en todo o que se leve a cabo.

**VIOLENCIA MACHISTA:** é o conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.

**VIOLENCIA DE XÉNERO:** termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.

**XÉNERO:** construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.

### 6.33.1.13. Plurilingüísmo

1.- **Xustificación do plurilingüismo no noso centro.**

Debido a que todos os centros educativos deben traballar na vía do desenvolvemento dunha única competencia comunicativa á que contribúan todos os coñecementos e destrezas adquiridos en todas as linguas ás que está exposto o alumnado coñecementos e destrezas que, relacionándose entre si e interactuando, darán lugar a unha competencia comunicativa plurilingüe.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria implantou de maneira experimental os centros plurilingües en Galicia durante o curso 2010-2011, -ao que nós, no noso centro, enseguida nos adherimos, comezando o ensino da materia de plástica, arts and crafts, dende 1º ciclo de EP, como base para seguir ao longo de toda primaria- como parte do proceso de fomento da diversidade lingüística e cultural da súa política educativa e da que forman parte programas como a Anticipación da primeira lingua estranxeira, na que no noso colexio temos profesionais no ensino da lingua inglesa con acreditación como participantes dese programa; os cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras e o Plan de secciones bilingües. Esta implantación permite: por un lado, incrementar a presenza da lingua estranxeira como lingua vehicular, mediante a aplicación do disposto no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitaria de Galicia; e por outro, favorecer a

transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro.

Na actualidade, curso 2024-2025, temos xa o plan implementado en todos os niveis.

**2.- Profesorado participante.**

O noso centro conta cun gran número de profesionais que non so contan coa acreditación do B2, senón que participaron no programa de Adquisición da lingua estranxeira en idades temperás, co que se pode contar agora para dar a área de plástica, arts and crafts, en inglés.

**PLURILINGÜISMO PROFESORADO RESPONSABLE**

| **Nome Coordinador/a** | **Horas de coordinación** | | |
|---|---|---|---|
| Iglesias Fernández, Cristina Alsira | 2 | | |
| **Nome profesorado** | **Curso no que imparte** | **Materia** | **Idioma na que se imparte** |
| González Fernández, Mª Dolores | 1ºA,B,C<br>2º A,B,C<br>3º A,B,C<br>5º A,B,D<br>6º C | | |
| Luisa Mª Vidal Gómez de Travecedo | 5 º C | | |
| | | | |
| García Durán, Mª Jesús | 4º A, BeC | Arts and Crafts | Inglés |
| Riera Rodríguez, Martiño | 6º A, B | | |
| | | | |

**3.- Auxiliar de conversa**

O nome da auxiliar de conversa do curso 2024-2025 é Andrea Utama.

As tarefas que terá que realizar son:

- Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula
- Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na
- elaboración de materiais didácticos
- Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula
- Elabora, planifica algunha das súas clases, como celebración dalgunha data significativa do seu pais
- Posibilita a práctica da conversa oral en lingua estranxeira
- Achega á comunidade educativa a cultura do seu pais

A carga horaria é de 16 horas lectivas e 2 de coordinación coa coordinadora do plan plurilingüe.

3.-Obxectivos.

Formar en linguas estranxeiras á vez que en contidos non lingüísticos.

Mellorar o dominio efectivo en linguas estranxeiras do noso alumnado.

Fomentar a pluralidade lingüística e cultural nos centros educativos para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.

Promover o desenrolo dunha currícula integrada das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua ás outras.

Valorar o inglés e todas as linguas en xeral, como medios de comunicación e entendemento entre as persoas de diferentes lugares e culturas, e gañar así conciencia cultural.

Adquirir confianza na súa capacidade para aprender e comunicarse en inglés, desenvolvendo a competencia comunicativa necesaria para manexarse en situacións cotiás.

Adquirir coñecementos referentes á cultura e historia dos países anglófonos.

Participar activamente nas diferentes propostas do PDI da biblioteca do centro, que este curso adicaremos ao mar.

**4.- Metodoloxía.**

Impartir arts and crafts na lingua estranxeira, contando tanto con apoio audiovisual: vídeos, chants, cancións...como pola presenza dunha persoa nativa en contacto continuo co alumnado.

Participar en sesións de seguimento e coordinación convocadas pola persoa coordinadora do programa plurilingüe do centro, co profesorado da lingua estranxeira que participa no programa, e do resto do profesorado de inglés para manter unha liña de traballo semellante; aínda que promovendo e apoiando a peculiaridade e o modo de actuar de cada compañeira/o implicada no programa.

Colaborar na elaboración da programación de contidos e actividades comúns, que poidan levarse a cabo dende máis dunha área: inglés, lingua castelá, língua galega, plástica; contidos e actividades máis propias da cultura anglosaxona que estamos a impartir: celebracións típicas Halloween, St Patricks, Easter... e da memoria final anual.

Fomentarase tanto o uso da lingua inglesa de forma oral, introducíndose pouco a pouco de forma escrita, a través de cancións, chants, stories, lectura de enunciados e instrucións sinxelas, sempre adecuando os contidos á idade do alumnado.

O centro conta con Pizarras dixitais interactivas en cada aula, que son usadas como apoio á docencia, para amosar as imaxes que queren ser mostradas, e mesmo para a realización de algunha actividade.

Tamén cando se iniciou o proxecto usabamos a aula de informática que, en caso de ser posible , volvería a ser usada para algún proxecto informático que se levaba a cabo: uso do Paint…

**5.- Contidos.**

Ao tratarse dun proxecto tan ambicioso, pois abrangue de 1º a 6º de EP, cada nivel ten a súa programación que aparece reflectida xa noutro punto da PXA.

Como exemplo, utilizarase, dependendo do nivel, vocabulario relacionado coas unidades didácticas: cores, obxectos da clase, membros da familia, festividades, partes do corpo, números, alimentos, animais, roupa...Así como todo o vocabulario necesario de aula: accións: open, close your book, listen, read…

**6.- Avaliación.**

- A avaliación afecta ao proxecto na súa globalidade. Será un proceso con carácter continuo e formativo baseado en revisións periódicas do proxecto para mellorar o seu funcionamento; grazas a coordinación:
- Avaliación inicial, procesual, formal, continua e integradora, inmersa no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Avaliación formativa e sumativa.
- Autoavaliación como forma de reflexionar sobre os propios procesos de ensino- aprendizaxe. A avaliación se contempla así como un auxiliar fundamental de gran utilidade para os mestres, pois informa das readaptacións e axustes necesarios para orientar adecuadamente as tarefas de acordo coas características e necesidades do alumnado.
- Realización e estimación de diversas actividades de evaluación que se recollen ao longo da programación de cada unidade didáctica e que se integran no desenvolvemento do proceso educativo, ao tratarse dunha materia como é a de plástica.
- Valoración das diversas actividades programadas a partir dos contidos conceptuais e dos obxectivos didácticos que se desenvolven nas unidades.
- Resposta axeitada aos exercicios das diversas actividades de avaliación relacionadas directamente ca adquisición e dominio dos obxectivos didácticos da unidade.
- Participación activa na clase.
- Respecto ao profesorado, á auxiliar de conversa e aos compañeiros de clase.
- Resolución das cuestiones que xordan nas diversas actividades, xa sexa de maneira oral ou escrita.
- Colaboración co grupo aula para levar a cabo a aprendizaxe de maneira cooperativa.
- Valoración da iniciativa e interés por participar en situacións de comunicación oral de diverso tipo (individuais, colectivas, diálogos, de xogo...) utilizando o idioma estranxeiro.
- Valoración dunha actitude positiva cara a aprendizaxe do inglés e a mostra de interese na reprodución dos sons da lingua inglesa.

## 7. Libros de texto e materiais escolares

O listado de libros de texto (Anexo I) e de material escolar (Anexo II) están publicados na páxina web do centro:

Libros de texto:
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/node/397

Material escolar:
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/node/400

## 8. Plan de autoprotección do centro

O plan de autoprotección do centro foi confeccionado e aprobado polo claustro e consello escolar no ano 2019. Atópase plenamente vixente. Ao longo do pasado curso escolar foron reparadas as luces de emerxencia e instalado un novo sistema de emerxencia e evacuación, mediante locución que se reproducirá pola megafonía interna e externa do centro que será perfectamente audible en todas as estancias do colexio. Procederase neste curso á realización de simulacro de evacuación para valorar os puntos fortes e febles do plan.

O Plan de Autoprotección está dispoñible na páxina web do centro para a súa consulta, no seguinte enlace: ***Plan de Autoprotección***

## 9. Persoal Non Docente

Cadro de persoal non docente do centro:

| PERSOAL NON DOCENTE | |
|---|---|
| **TRABALLO** | **ADMON. DA QUE DEPENDE** |
| 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN |
| 3 AUXILIARES-COIDADORES (T.C) | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN |
| 1 AUXILIAR DE CONVERSA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN |
| 1 CONSERXE | CONCELLO DE A CORUÑA |
| 1 LIMPADORA A TEMPO COMPLETO | EMPRESA DE LIMPEZA |
| 3 LIMPADORES A MEDIA XORNADA | EMPRESA DE LIMPEZA |

### 9.1. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal Non Docente

- Auxiliar administrativa: realiza as tarefas que lle son propias, relacionadas cos aspectos administrativos do centro, a súa supervision, cumplimento de horario e coordinación de tarefas está a cargo da secretariado centro.
- Auxiliares-coidadores: realizan tarefas relacionadas co coidado do alumnado de necesidades específicasde apoio educativo do centro (neae), colaborando co proceso de integración e mellora da autonomía deste alumnado, as súas atribucións e reparto de tarefas correspóndelle á xefa do Departamento de Orientación do centro en coordinación coa xefatura de estudos.
- Auxiliar de conversa: realiza actividades de asesoramento a alumnos e profesores sobre o manexo dalingua inglesa, colabora coas tarefas que lle propón o equipo de plurilingüísmo do centro.
- Conserxe: Realiza as tarefas que lle son propias: abrir e pechar portas, traslado de enseres e materiais do centro, realización de fotocopias, recollida e envío de correspondencia. Permanece desde media hora antes do comenzo das clases ata o remate das mesmas e realiza funcións similares durante as actividades extraescolares (de luns a venres de 16 a 18 h.)

- Limpadoras: a súa supervision está a cargo da empresa contratada polo concello de a Coruña. Teñen asignada a limpeza e desinfección das aulas, aseos, corredores, dirección, secretaría, entrada, biblioteca e patios de recreo. Realizan o seu traballo durante a xornada escolar e unha vez rematada a mesma.

## 10. Plan de utilización das instalacións do centro

Tal como figura no PE e nas NOF en referencia á utilización das dependencias do centro para outras actividades, cabe sinalar que o centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa e de calquera tipo de asociación cultural e ou deportiva que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Xefatura Territorial, e previo compromiso asinado de responsabilizarse dos posibles danos, gastos e prexuizos que poideren ocasionarse no centro, así como da responsabilidade civil que poidese derivarse de calquera incidencia que tivese lugar durante odesenvolvemento da actividade autorizada.

## 11. Plan Anual de Actividades propostas pola ANPA.

A proposta de actividades da ANPA pra o curso 2024/2025 figuran no **Anexo IV** e na páxina web da asociación:
https://anpa-agarimo.gal/extraescolares/

## 12. Transporte escolar

O centro conta con servizo de transporte para o alumnado. O contrato de referencia é o ED1502 contratado pola Consellería de Educación coa empresa UTE ED1502 A CORUÑA

O itinerario e nº de alumnos transportados e o seguinte:
Ruta: Colexio - derradeiro punto de parada Bens (Zona da Refinería).

| Paradas | Nº de alumnado |
|---|---|
| - Comeanda: | 2 |
| - Mazaido: | 0 |
| - San José: | 3 |

## 13. Convenios de colaboración

O centro conta na actualidade cos seguintes convenios de colaboración:

- Colaboración coa Asociación de Veciños Agra do Orzán para a celebración de encontros e actividades de potenciación da lingua e a cultura galegas.
- Colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación a través dos programas de Practicum I e II dos alumnos do grao de Educación Infantil e de Educación Primaria.

- Colaboración co IES Agra do Orzán e este curso co CEIP Raquel Camacho.
- O centro está aberto a propostas de colaboración con institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro co coñecemento e/ou aprobación previa das mesmas no Consello escolar se fora preciso.

## 14. Plan de Formación

O noso centro conta desde hai catro cursos cun Plan de Formación do Profesorado no Centro. No centro implícanse máis do 80% do profesorado nas diferentes liñas que se establecen anualmente. Os obxectivos principais da nosa formación son a mellora dos conflitos entre o alumnado, a mellora das relacións coa comunidade e a actualización docente; facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos proceso ensino-aprendizaxe e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro; mellorar o traballo colaborativo do profesorado do centro; afondar no coñecemento da biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe e desenvolver estratexias metodolóxicas para potenciar o desenvolvemento das competencias clave a través da biblioteca escolar.

Para o curso 2024/2025 establecemos catro liñas formativas, coa seguinte participación en cada una das mesmas:

- A creatividade artístico-expresiva a través dun musical (12 compoñentes)
- Polos creativos desde a biblioteca do centro (16 compoñentes)
- Patios dinámicos no centro (9 compoñentes)
- Propostas didácticas con alumnado TEA (19 compoñentes)

## 15. Plan de Mellora do Éxito Educativo

O noso centro nunha busca constante da mellora do éxito do alumnado realiza actividades a través de diferentes programas da Consellería de Educación:

- Desde o equipo de biblioteca solicitóuse a continuidade por cuarto ano consecutivo no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), ademáis da participación nos clubes de lectura (funcionarán este curso escolar 2 clubes), na convocatoria de Radio Na Biblio e na convocatoria de Biblioteca Solidaria.

- Continúase, por terceiro ano consecutivo, na participación do centro no proxecto E-Dixgal

- Solicitarase a participación en Contratos-Programa, como en cursos anteriores na liña de emocións (Emociona-T), que a data de hoxe non foi convocado.

- Participación, por segundo ano consecutivo en PROXECTA+, na iniciativa “Voluntariado miudo” co alumnado do terceiro ciclo de primaria.

- Solicitóuse o programa PROA+, para o que se elaborou o Plan Estratéxico de Mellora do centro, que será actualizado este curso coa introdución dunha nova panca, relacionada coa extensión do centro á comunidade próxima ao centro.

- Participase, como en convocatorias anteriores, no Plan Director da Policía Nacional para afondar en aspectos cono o acoso/ciberacoso e o perigo das TIC para o alumnado de 5º e 6º de primaria

- Non descartamos calquera proposta formativa que poidera xurdir ao longo do curso convocada por institucións e organizacións sen ánimo de locro e que podan reverter nunha mellora da calidade do centro.

A presente Programación Xeral Anual foi elaborada polo Equipo Directivo coas aportacións e suxestións do Claustro de Profesores e o Consello Escolar aprobándose pola totalidade dos membros presentes con dereito a voto nas sesións ordinarias de claustro de profesores e de Consello escolar do centro celebradas o día 14 de outubro de 2024.

O DIRECTOR E PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO
A CORUÑA

Asdo: Óscar Licinio Mourenza Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
**CEIP MARÍA BARBEITO**
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

**CURSO 2024/2025**

## 4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

Sen libros de texto

## 5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

Sen libros de texto

## 6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

Sen libros de texto

A Coruña Director, 10 de xuño de 2024

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO A CORUÑA

Asdo.: Óscar Licinio Mourenza Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
**CEIP MARÍA BARBEITO**
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

| **Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2024/2025** | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 15019311 | Denominación do centro: CEIP MARÍA BARBEITO | |
| Enderezo: ALCALDE SALORIO SUÁREZ, 28 | Concello: A CORUÑA | Provincia: A CORUÑA |
| Correo electrónico: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal | Teléfono: 981 26 26 12 | Fax: 981 26 26 12 |

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| **1º EP** | **LG** | **Lectoescritura 1**. Inclúe TRABADAS, Editorial Anaya, 2024 | **978-84-143-3929-9** | **Galego** |
| **1º EP** | **LC** | **Lectoescritura Primeros pasos pauta 1 Primaria**, Construyendo Mundos, Editorial Santillana, 2022 | **978-84-680-7727-7** | **Galego** |
| **1º EP** | **LC** | **A abelliña que perdeu as ás**, Ramón Romero Nogueira, Editorial Xerais, 2023 | **978-84-1110-384-8** | **Castelá** |
| **1º EP** | **MAT** | **Matemáticas 1** Trim+Act Bienv+Kit, Comunidad Zoom, Editorial Vicens Vives, 2022 | **978-84-682-8099-8** | **Castelá** |
| **1º EP** | **CCNN** | **Ciencias da Natureza 1**. Educación Primaria. Proxecto Tececiencias, Edicións Xerais, 2020 | **978-84-9121-691-9** | **Galego** |
| **1º EP** | **CCSS** | Sen libro de texto | | |
| **1º EP** | **PLAS** | Sen libro de texto | | **Inglés** |
| **1º EP** | **REL** | Sen libro de texto | -- - - - - - - - | **Castelá** |
| **1º EP** | **ING** | **Kids Can! 1,** Pupil Book, Edit. Macmillan, | **978-1-380-05166-0** | **Inglés** |
| **2º EP** | **LG** | **Caderno Lingua 2 Primaria**, 1º Trimestre, Construíndo Mundos, Ediciones Obradoiro, 2023<br>**Caderno Lingua 2 Primaria**, 2º Trimestre, Construíndo Mundos, Ediciones Obradoiro, 2023<br>**Caderno Lingua 2 Primaria**, 3º Trimestre, Construíndo Mundos, Ediciones Obradoiro, 2023 | **978-84-9185-699-3**<br>**978-84-9185-695-5**<br>**978-84-9185-689-4** | **Galego** |
| **2º EP** | **LC** | **Lengua 2**, Construyendo Mundos, volumen único espiral, Editorial Santillana, 2023 | **978-84-144-0836-0** | **Castelá** |
| **2º EP** | **LC** | **Libro de lectura: 1º A " Cuando crezca"** El hematocrítico. Editorial Anaya. | | **Castelá** |
| **2º EP** | **LG** | **Libros de lectura: 1º B " Que queres ser de maior?** Sabela Fernández Trelles . Editorial Xerais.<br>**1º C " Morto de fame".** El hematocrítico. Editorial Xerais**.** | | **Galega** |
| **2º EP** | **MAT** | **Matemáticas 2**, Rutas, Editorial Anaya, 2022 | **978-84-698-9368-5** | **Castelá** |
| **2º EP** | **CCNN** | **Ciencias da Natureza 2**, Operación Mundo, Edit. Anaya, 2022 | **978-84-698-9516-0** | **Galego** |
| **2º EP** | **CCSS** | **Ciencias Sociais 2**, Operación Mundo, Edit. Anaya, 2022 | **978-84-143-1725-9** | **Galego** |
| **2º EP** | **REL** | Sen libro de texto | ------------------------ | **Castelá** |
| **2º EP** | **ING** | Seguen a utilizar o libro de primeiro (**Kids Can! 1,** Pupil Book) | **978-1-380-05166-0** | **Inglés** |
| **2º EP** | **PLAS** | ***Utilizan o mesmo libro que en 1º curso:***<br>**Arts and Crafts 1**, Pupil Book, Editorial Anaya, 2022 | **978-84-1167-302-0** | **Inglés** |

A Coruña, 10 de xuño de 2024
O Director

Asdo.: Óscar Licinio Mourenza Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
**CEIP MARÍA BARBEITO**
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

| **Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2024/2025** | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 15019311 | Denominación do centro: CEIP MARÍA BARBEITO | |
| Enderezo: ALCALDE SALORIO SUÁREZ, 28 | Concello: A CORUÑA | Provincia: A CORUÑA |
| Correo electrónico: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal | Teléfono: 981 26 26 12 | Fax: 981 26 26 12 |

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| **3º EP** | **L.CASTELÁ** | Lengua Castellana 3, Mochila Ligera, Edit. Santillana **NON MERCAR!** | **978-84-680-7201-2** | **Castelá** |
| **3º EP** | **L. GALEGA** | ***Sen libro de texto*** | | **Galega** |
| **3º EP** | **L. INGLESA** | Open Up 3, Class Book, Edit. Oxford | **9780194072618** | **Inglés** |
| **3º EP** | **L. INGLESA** | Open Up 3, Activity Book, Edit. Oxford | **9780194072373** | **Inglés** |
| **3º EP** | **MATEMAT.** | Matemáticas 3º, (3 trimestres), Operación Mundo, Edit. Anaya, 2022 **NON MERCAR!** | **9788469899618** | **Castelá** |
| **3º EP** | **SOCIAIS** | Ciencias Sociais 3, Operación Mundo, Edit. Anaya, 2022 **NON MERCAR!** | **978-84-143-0127-2** | **Galega** |
| **3º EP** | **NATURAIS** | Ciencias Naturais 3º, Edit. Santillana, 2022 **NON MERCAR!** | **978-84-9185-410-4** | **Galega** |
| **3º EP** | **PLÁSTICA** | ***Sen libro de texto*** | | **Inglesa** |
| | | | | |
| **4º EP** | L.CASTELÁ | Lengua Castellana 4, Construyendo Mundos (3 trimestres), Edit. Santillana, 2023 | **978-84-144-0738-7** | **Castelá** |
| **4º EP** | L. GALEGA | Lingua 4, Operación Mundo, Edit. Anaya, 2023 | **978-84-143-1963-5** | **Galega** |
| **4º EP** | L. INGLESA | Open Up 4, Class Book, Edit. Oxford Universiy Press | **9780194072885** | **Inglesa** |
| **4º EP** | L. INGLESA | Open Up 4, Activity Book, Edit. Oxford Universiy Press | **9780194072694** | **Inglesa** |
| **4º EP** | MATEMÁT. | Matemáticas 4 (3 trimestres), Operación Mundo, Edit. Anaya, 2023 | **978-84-143-1980-2** | **Castelá** |
| **4º EP** | SOCIAIS | Ciencias Sociais 4, Operación Mundo, Edit. Anaya, 2023 | **978-84-143-2122-5** | **Galega** |
| **4º EP** | NATURAIS | Ciencias Naturais 4, Construindo Mundos, Edit. Santillana, 2023 | **978-84-9185-692-4** | **Galega** |
| **4º EP** | PLÁSTICA | Utilizan o libro de 3º (**Arts and Crafts 3**. Pupil Book, Edit. Anaya, 2022 | **978-84-143-1323-7** | **Inglesa** |

A Coruña Director, 10 de xuño de 2024

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO
A CORUÑA

Asdo.: Óscar Licinio Mourenza Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
**CEIP MARÍA BARBEITO**
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

| **Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2024/2025** | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 15019311 | Denominación do centro: CEIP MARÍA BARBEITO | |
| Enderezo: ALCALDE SALORIO SUÁREZ, 28 | Concello: A CORUÑA | Provincia: A CORUÑA |
| Correo electrónico: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.es | Teléfono: 981 26 26 12 | Fax: 981 26 26 12 |

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| **5º EP** | L.CASTELÁ | **Proxecto E-DIXGAL** Non usan libros de texto | | **Castelá** |
| **5º EP** | L. GALEGA | | | **Galega** |
| **5º EP** | L. INGLESA | | | **Inglesa** |
| **5º EP** | L. INGLESA | **Open Up! 5,** Activity Book, Edit. Oxford Universiy Press | **978-0-19-407297-7** | **Inglesa** |
| **5º EP** | MATEMÁTICAS | **Cuaderno de matemáticas 5 Primaria**, proyecto Construyendo Mundos, Editorial Santillana, 2023, Encuadernación Espiral. «Wire-O» | **9788414404041** | **Castelá** |
| **5º EP** | SOCIAIS | **Proxecto E-DIXGAL** Non usan libros de texto | | **Galega** |
| **5º EP** | NATURAIS | | | **Galega** |
| **5º EP** | PLÁSTICA | | | **Inglesa** |
| | | | | |
| **6º EP** | L.CASTELÁ | Non usan libros de texto | | |
| **6º EP** | L. INGLESA | **Open Up! 6,** Activity Book, Edit. Oxford Universiy Press | **978-0-19-407328-8** | **Inglesa** |
| **6º EP** | L. GALEGA | Non usan libros de texto | | |
| **6º EP** | MATEMÁTICAS | **Cuaderno de matemáticas 6 Primaria,** proyecto Construyendo Mundos, Editorial Santillana, 2023, Encuadernación Espiral. «Wire-O» | **9788414403648** | |
| **6º EP** | SOCIAIS | **Proxecto E-DIXGAL** Non usan libros de texto | | **Galega** |
| **6º EP** | NATURAIS | | | **Galega** |
| **6º EP** | PLÁSTICA | Continúan co libro do curso pasado (**Arts & Crafts 5**, Edit. Anaya, 2022) | **978-84-143-1327-5** | **Inglesa** |

A Coruña Director, 10 de xuño de 2024

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO A CORUÑA

Asdo.: Óscar Licinio Mourenza Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 4º de Educación Infantil

- ✓ 1 pegamento barra PRITT grande
- ✓ 1 pincel JOVI groso
- ✓ 1 lapis Staedler Triplus noris club jumbo (moi groso)
- ✓ 1 carpeta tamaño folio de gomas
- ✓ 2 rolos de papel de cociña
- ✓ 2 paquetes de toalliñas húmidas (NON DE VÁTER)
- ✓ 2 paquetes de panos de papel
- ✓ 1 caixa de ceras brandas Maxi Dacs de 15 cores
- ✓ 1 paquete de témperas sólidas de 12 cores
- ✓ 1 paquete de gomets de cor __________ e forma __________ **(*)**
- ✓ 1 paquete de plastilina grande JOVI de cor __________________ **(*)**
- ✓ 1 base sensorial (____ paquete(s) de ____________________) **(*)**
- ✓ 1 bote de témpera líquida Jovi de 500ml de cor ______________ **(*)**
- ✓ 1 ferramenta de plastilina forma __________________________ **(*)**
- ✓ 1 paquete de 500 folios Din-A4 de 80 gr

**(*) Especificarase no mes de setembro**

**** Se precisamos algún material ao longo do curso pedirémolo máis adiante**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 5º de Educación Infantil

- ✓ 1 carpeta tamaño folio de gomas (serve a que teñen do curso anterior)
- ✓ 1 pegamento barra PRITT grande
- ✓ 1 paquete de 500 folios Din-A4 de 80 gr
- ✓ 2 rolos de papel de cociña
- ✓ 1 paquetes de toalliñas húmidas (NON DE VÁTER)
- ✓ 2 caixas de panos de papel
- ✓ 1 rodillo de plastilina
- ✓ 1 paquete de plastilina grande JOVI de cor ___________________
- ✓ 1 base sensorial (____ paquete(s) de _____________________)
- ✓ 1 bote de témpera líquida Jovi de 500ml de cor ______________
- ✓ 1 paquete de acuarelas (preferentemente a marca MALA de Ikea)

**** Se precisamos algún material ao longo do curso pedirémolo máis adiante**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 6º de Educación Infantil

- ✓ 1 carpeta tamaño folio de gomas (serve a do curso anterior)
- ✓ 1 paquete de 500 folios Din-A4 de 80 gr
- ✓ 1 caixa de 24 ceras finas de Plastidecor
- ✓ 1 caixa de 24 rotuladores finos
- ✓ 1 paquete de plastilina grande JOVI de cor __________________ **(*)**
- ✓ 1 bote de témpera líquida Jovi de 500ml de cor ______________ **(*)**
- ✓ 2 rolos de papel de cociña
- ✓ 1 paquetes de toalliñas húmidas (NON DE VÁTER)
- ✓ 2 caixas de panos de papel

**(*) Especificarase no mes de setembro**

**** NON mercar nada ata a primeira xuntanza coas titoras no mes de setembro**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 1º Primaria

- 1 estoxo de dous ou tres compartimentos (Como a imaxe de exemplo →)



- 4 lapis STAEDLER HB nº2
- 1 lapis STABILO EASYGRAPH
- 0723 para destros ( parte de arriba vermella).
- 1323L para zurdos (parte de arriba amarela).
- 3 gomas Milán NATA 612
- 2 barras pegamento PRITT grandes
- 1 tesoira de punta roma
- 1 afialapis con depósito
- 1 caixa de Plastidecor de 24 cores
- 1 caixa de 12 rotuladores de dobre punta fina e grosa
- 10 cartolinas brancas tamaño DIN A-4
- 1 taco de plastilina mediano (calquera cor)
- 1 paquete de 500 folios DIN A-4 de 80 gr
- 3 sobres de plástico tamaño A-4 con botón ou velcro (os alumnos/as de Perfil Competencial deberán traer un máis).
- Os sobres deben marcarse cada un do seguinte xeito: música, inglés, casa e perfil competencial (os alumnos/as que teñan esta opción)
- 2 carpetas de cartón tamaño folio con solapas e con gomas. (Unha delas deberá vir marcada con inglés.
- 1 sobre de plástico tamaño A5 con botón ou velcro marcado con matemáticas.
- 1 paquete de panos de papel ( tipo kleneex)
- 1 paquete de toalliñas



* Se o neno ou nena é zurdo é importante que o lapis, tesoira e afialapis sexan adaptados).

**EDUCACIÓN FÍSICA**

- Chándal (suadoiro e pantalón longo).
- Camiseta de manga curta.
- Calcetíns
- Deportivos (non calzado de trekking nin con tacos para evitar esvararóns)
- Botella con auga

*Todo o material virá marcado con nome e apelidos

IMPORTANTE

Os libros entregaranse co nome no exterior. Deberá vir posto o NOME E APELIDOS EN MAIÚSCULA e que se etenda ben para que o poidan ler os nenos/as)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: **15019311**
r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

***TODO o material que traia o alumno/a ,deberá ter o seu nome***. Tamén as cores, de xeito individual. Recomendamos NON UTILIZAR MOCHILA DE RODAS, pero si unha mochila na que poidan levar a carpeta.

***O primeiro día de clase*** traerán o estoxo coas cores, os lapis, as gomas, pegamentos, afialapis, plastilina e rotuladores. O resto do material irémolo pedindo pouco a pouco.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 2º Primaria



- 1 estoxo con doble compartimento de cremalleira. (Estilo da imaxe)
- 1 caderno A4 de doble pauta grande (3,5 mm) con marxe e espiral
- 10 lapis STAEDLER HB Nº 2
- 5 gomas MILAN NATA 612.
- 3 barras de pegamento PRITT grandes.
- 1 tesoira de punta roma.
- 1 afialapis con depósito.
- 1 caixa de Plastidecor de 24 cores.
- 1 caixa de 12 rotuladores de dobre punta (fina e grosa).
- 5 cartolinas brancas tamaño A4.
- 1 taco de plastilina mediano
- 1 paquete de 500 folios tamaño A4 de 80 gr.
- 1 rotulador azul de pizarra Veleda.
- 9 Sobres de plástico tamaño A4 con botón ou velcro. Deberán rotularse como: **1º trimestre, 2º trimestre, 3º trimestre, Música**, **Plástica, Inglés** e **Perfil Competencial** (os que cursen esta área no lugar de Relixión)**.**
- ➔ 1 carpeta de plástico con solapas e gomas tamaño A4 (Folio), rotulada co nome **Casa**.
- ➔ 1 carpeta de cartón tamaño A4 (Folio) con solapas e gomas para **Inglés**.
- ➔ 1 paquete de toalliñas.
- ➔ 2 caixas grandes de panos de papel. (Estilo da imaxe D)



➔ **Área de Educación Física**:

➔ Chándal (suadoiro e pantalón longo). Deberá vir marcada co nome do alumno ou da alumna.

➔ Camiseta de manga curta

➔ Calcetíns

➔ Calzado deportivo (non calzado de treking, nin tacos, nin con luces ou rodas)

➔ 1 botella de auga.

*** Todo o material deberá vir marcado co nome e apelidos do alumno ou da alumna para poder identificalo en caso de perda.**

***O material en bo estado do curso que remata poderá ser utilizado no vindeiro curso**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: **15019311**

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 3º Primaria

- 1 estoxo grande con 3 departamentos
- 2 lapis do nº dos (cada vez que os rematen, traerán un novo)
- 1 goma Milán alargada
- 1 afilalapis con depósito
- 1 tesoira de punto roma.
- 1 barra grande de pegamento Pritt.
- 1 regra de 30 cm e outra pequena que entre no estoxo ( 15 cm).
- 1 caixa de ceras de plastidecor de 24 cores.
- 1 caixa de 12 rotuladores de dúas puntas . Grosa e fina.
- 1 paquete de 100 folios blancos.
- 1 rolo de papel de cociña.
- 1 paquete grande de toalliñas de bebé.
- Unha botella de auga co seu nome.
- Un paquete de folios de cores
- Block de cartulinas de cores. Tamaño DIN-A4

**RECOMENDACIÓNS:**

- Prégase que todo o material veña etiquetado co nome e os apelidos dos nenos e nenas para poder identificarlo en caso de perda.
- Se teñen algún material do curso pasado é válido.

**IMPORTANTE**

- O material que falta (libretas, carpetas, bolígrafos, libros de lectura…) pedirano os titores/titoras en setembro.

**Outras especialidades**

Indicarán os materiais necesarios no mes de setembro.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 4º Primaria

-1 estoxo grande con departamentos
-2 lapis do número 2
-1 goma
-1 afialapis de recoller
-1 tesoira de punta roma (hai tesoiras para zurdos)
-1 barra grande de pegamento
-1 regra de 30 cm
-1 bolígrafo azul borrable
-1 bolígrafo vermello borrable
-1 bolígrafo verde borrable
-1 caixa de ceras Plastidecor de 12 cores
-1 caixa de 12 rotuladores de dúas puntas: grosa e fina
-3 carpetas tamaño folio sinxelas (casa, pendentes e clase). Serven as mesmas do ano pasado.
-3 libretas grandes con marxe e dobre pauta (lengua, lingua e ciencias)
-1 libreta grande con marxe cuadriculada (matemáticas)
-1 paquete de 100 folios brancos de 80 gr º
-Funda para protexer a axenda escolar
-1 rolo de papel de cociña
-1 paquete de toalliñas de bebé.
-1 compás
-1 escuadra
-1 cartabón
-1 transportador de ángulos

**Especialidades :**

**Inglés**: A mesma carpeta de 3º EP

**Relixión Católica**: Libreta grande de dobre pauta (reutilizar a do ano pasado).

**Música**: Carpeta tamaño Din A4 (a mesma de 3º EP)

**Libros de lectura.** Solicitaránse en setembro.

**Recomendacións**

Prégase que todos os libros veñan forrados (***<u>sen forro autoadhesivo</u>***) e co nome posto nunha pegatina enriba do forro.

Calquer material que xa teñan de cursos anteriores é válido sempre e cando estea en bo estado.

***Identificar o material co nome do alumno/a.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 5º Primaria

O material do curso anterior que estea en bo estado pode ser usado neste.

**Todo o material debe vir marcado co nome do alumno**.

- 1 paquete de folios DINA 4 (80 gr) de 500
- 3 cadernos tamaño folio, de cuadrícula, con pastas duras, marxe marcada e espiral normal (1 para Matemáticas, 1 Ciencias Sociais e 1 para Naturais)
- 3 cadernos tamaño folio, raiados, con pastas duras, marxe marcada e espiral normal ( 1 para Lingua Castelá, 1 para Lingua Galega e 1 para Lingua Inglesa)
- 1 caderno raiado e grande para Relixión (serve o do ano pasado)



- 1 bloc de debuxo con recadro marca Canson
- 1 goma de borrar tipo Milán
- 2 lapis Staedtler HB número 2
- 1 afialapis con depósito
- 4 bolígrafos: un azul, un negro, un vermello e outro verde
- 1 caixa de 24 rotuladores de dobre punta: fina/gorda
- 1 caixa de 24 lapis de cores, marca Faber Castell ou Staedler
- 1 caixa de 12 acuarelas
- 1 caixa de 15 Manley
- 1 regra de 30 cm, cartabón, escuadra, transportador de ángulos e compás
- 1 tesoira de punta roma
- 1 barra mediana de pegamento tipo Pritt
- Estoxo para gardar o material
- 1 dicionario de lingua castelá, por exemplo, de Vox (o que teñan do ano anterior)
- 1 dicionario de lingua galega, por exemplo, de Xerais (o que teñan do ano anterior)
- 2 carpetas tamaño folio de gomas
- Auriculares tipo Netway, NGS, Logitech,…que non teñan micrófono
- Pendrive
- Rotulador borrable
- Lembrar que precisan mercar o caderno de matemáticas e o Activity Book deste curso, **5º de EP** que figuran no listaxe de libros de texto.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP MARÍA BARBEITO
Código: 15019311

r/Alcalde Salorio Suárez, 28, A Coruña
Tel./Fax: 981262612
C.P.: 15011
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmariabarbeito/
correo: ceip.maria.barbeito@edu.xunta.gal

# Material de aula 6º Primaria

O material do curso anterior que estea en bo estado pode ser usado neste.

**Todo o material debe vir marcado co nome do alumno**.

- 1 paquete de folios DINA 4 (80 gr) de 100
- 3 cadernos tamaño folio, de cuadrícula, con pastas duras, marxe marcada e espiral normal (1 para Matemáticas, 1 Ciencias Sociais e 1 para Naturais)
- 3 cadernos tamaño folio, raiados, con pastas duras, marxe marcada e espiral normal ( 1 para Lingua Castelá, 1 para Lingua Galega e 1 para Lingua Inglesa)
- 1 caderno raiado e grande para Relixión (serve o do ano pasado)
- 1 bloc de debuxo con recadro marca Canson

  1 goma de borrar tipo Milán
- 2 lapis Staedtler HB número 2
- 1 afialapis con depósito
- 4 bolígrafos: un azul, un negro, un vermello e outro verde
- 1 caixa de 24 rotuladores de dobre punta: fina/gorda
- 1 caixa de 24 lapis de cores, marca Faber Castell ou Staedler
- 1 caixa de 12 acuarelas
- 1 caixa de 15 Manley
- 1 regra de 30 cm, cartabón, escuadra, transportador de ángulos e compás



- 1 tesoira de punta roma
- 1 barra mediana de pegamento tipo Pritt
- Estoxo para gardar o material
- 1 dicionario de lingua castelá, por exemplo, de Vox(sirve o do ano pasado)
- 1 dicionario de lingua galega, por exemplo, de Xerais(sirve o do ano pasado)
- 2 carpetas tamaño folio de gomas
- Auriculares tipo Netway, NGS, Logitech,…que non teñan micrófono
- Pendrive
- Rotulador borrable
- Lembrar que precisan mercar o caderno de matemáticas e o Activity Book deste curso, 6º de EP que figuran na listaxe de libros de texto. Usarán o libro de plástica do curso pasado.

AGARIMO, Asociación de Nais e Pais do CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño

# REGULAMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGADORES

## INTRODUCIÓN

De conformidade co previsto no *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación* (DOG do 13 de agosto de 2013), aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

## CAPÍTULO I. HORARIO

Ambos servizos, comedor e madrugadores, ofértanse durante o período lectivo do curso escolar.

**Servizo de madrugadores**:

Este servizo ofértase entre as 07.30h e as 09.00h. Pódese solicitar con ou sen almorzo, o que implica variación no prezo do mesmo. A partir das 08:30h só se poderá acceder na modalidade de madrugadores sen almorzo.

O acceso a madrugadores farase pola porta de acceso ao comedor en calquera m omento dentro do horario do servizo.

O alumnado usuario deste servizo será levado ás aulas ao inicio da xornada esccolar polo monitorado encargado do mesmo.

**Servizo de comedor**:

Este servizo ofértase en horario de 14:00h a 16:00h. Comprende a comida e o coidado do alumnado ata que finaliza o servizo.

O curso escolar 2023-24 establécense duas quendas de comida, coas seguintes prazas por quenda:

**1º quenda**: 132 prazas
4º 5º 6º E. Infantil e 1º 2º de E. Primaria
Horario de comida de 14:00 a 14:45h
Horario de saída de 15:00 a 15:15h ou de 15:45 a 16:00h

**2º quenda**: 110 prazas
3º 4º 5º e 6º E.Primaria
Horario de comida de 14:55 a 15:30h
Horario de saída de 15:45 a 16:00h

A saída do alumnado realizarase polas seguintes portas:

- Alumnado de Educación Infantil: porta de acceso ao patio de infantil.
- Alumnado de Educación Primaria: portalón.

As familias organizaranse facendo unha fila ordeada.
O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que teña autorización para irse só, poderá facelo nos horarios de saída antes mencionados. Unha vez os alumnos ou alumnas saian do centro serán responsabilidade da súa familia, non do persoal do centro, da ANPA ou do comedor.

Durante o tempo que dure o servizo de madrugadores ou comedor, o alumnado estará a cargo dos/as coidadores/as, que serán os seus responsables. No caso de que os/as usuarios/as de comedor vaian a algunha actividade extraescolar dentro do centro escolar, os/as monitores/as de comedor serán os/as encargados/as de levalos á actividade correspondente

O alumnado que desfrute do servizo de comedor poderá utilizar os aseos, o patio e o pavillón polideportivo, sempre baixo a vixilancia dun/ha coidador/a. Para poder utiliizar o resto das dependencias do colexio, o monitorado debe obter previamente autorización da Dirección do centro.
O persoal de madrugadores e comedor en ningún caso administrará medicamentos aos nenos/as usuarios/as do servizo, excepto naqueles casos cos que conte a autorización correspondente, como pode ser no caso de alerxias alimentarias.

## CAPÍTULO II. PREZO

Tanto para acudir ao servizo de madrugadores como ao de comedor, será preciso aboar unha cota en concepto de matrícula. O importe desta cota revisarase anualmente e comunicarase no momento de facer a reserva de praza.
Para as familias asociadas á ANPA AGARIMO a matrícula será gratuita.
O importe da cota de matrícula e máis das cotas mensuais do servizo, comunicarase cada curso escolar, nas datas de solicitude de praza.
As familias do alumnado que faga uso dalgún destes servizos, comprométense a aboar nos prazos establecidos as cotas estipuladas.

## CAPÍTULO III. ALTA E BAIXA NO SERVIZO

### Destinatarios/as do servizo:

Pode acceder aos servizos de comedor e madrugadores todo o alumnado matriculado no centro, tanto na etapa de educación infantil, como na de educación primaria.
A admisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, con discapacidade e/ou con alerxias alimentarias, será estudada polo consello escolar, condicionando a súa admisión ao feito de dispoñer do persoal necesario para atendelo, así como dos medios que permitan garantir a seguridade e a saúde do/a alumno/a e dos/as outros/as usuarios/as.

**Cómo darse de alta no servizo:**

Para acceder aos servizos de comedor e/ou madrugadores, será preciso facer a reserva de praza cada curso escolar. A ANPA informará ás familias polos seus canles de comunicación habituais das datas e procedemento a seguir.
A devandita reserva será para o curso completo incluidos os meses de setembro e xuño. Unha vez iniciado o curso escolar, tamén se poderá solicitar o acceso aos servizos de comedor e/ou madrugadores, estando supeditado o mesmo á disponibilidade de praza.

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, a ANPA poderá establecer criterios de acceso,os cales deberán ser aprobados en Consello Escolar. As persoas que non obteñan praza pasarán a formar parte da lista de agarda, ordeadas seguindo os mesmos criterios utilizadosparaaasignación dasprazas. Candoseproduzaalgunhabaixa,obterápraza oseguinte da lista de agarda, podendo incorporarse ao comedor 48h despois da comunicación da obtención da praza, tempo preciso para realizar as xestións de baixa-alta e aviso ao colexio dos cambios oportunos.Estes avisosrealizaranseatravésdocorreoelectrónico.

O curso escolar 2023/24 estableceuse o seguinte baremo de acceso ao comedor, aprobado no Consello Escolar celebrado o 5 de xullo de 2023:

**BAREMO DE ACCESO AO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2023-2024.**

Este documento refírese únicamente ao servizo en horario de comida, non afecta ao servizo de madrugadores.

Para a adxudicación das prazas aplicaranse os seguintes criterios, que son excluíntes.

**1º - Ter necesidade de conciliación de ambos proxenitores ou dun só en caso de familias monoparentais:**

– **Causas laborais**: que o horario de traballo sexa incompatible co horario de recollida do/a alumno/a á saída do centro escolar (14.00h).

Esta casuística deberá ser acreditada co certificado de empresa que especifique o nome do traballador/a, o lugar de traballo e o horario laboral. Este certificado deberá ser emitido no ano 2023.

As familias monoparentais deberán acreditar tal condición co certificado de monoparentalidade correspondente ou outra documentación acreditativa válida en dereito.

– **Outras causas dos proxenitores**: discapacidade, atención á dependencia, enfermidades incapacitantes… Esta casuística deberá ser acreditada documentalmente.

**2º – Ser solicitante de beca municipal de comedor escolar para o curso 2023-2024.**

Esta condición deberá ser acreditada coa copia da solicitude da beca correspondente no momento de solicitar a praza de comedor. No momento de publicarse a listaxe definitiva de concesións de becas de comedor haberá que acreditar a concesión da mesma. No caso de ser denegada, perderá tamén a praza de comedor por este criterio.

**3º – Ser usuario/a do servizo de comedor no curso 2022-2023, a excepción do alumnado de novo ingreso.**

**Estes criterios será preciso xustificalos documentalmente.**

En caso de haber máis solicitudes que cumpran os requisitos de acceso, que prazas dispoñibles, procederase a ordenar as solicitudes en función da primeira letra do primeiro apelido do/a alumno/a solicitante, en base ao sorteo realizado no CONSELLO ESCOLAR celebrado o 05/07/2023, no que a letra resultante foi a **K**.

Cando un alumno/a obteña praza, automáticamente obterán praza tamén os seus irmáns ou irmás, en caso de telos.

Unha vez obtida a praza, para acceder ao servizo será preciso ser socio/a da ANPA AGARIMO ou pagar unha cota de xestión de 20€. Esta xestión realizarase a través da páxina web da ANPA AGARIMO.

Non se admitirán solicitudes de modalidade esporádico, tan só de fixo mensual 5 DÍAS Á SEMANA.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

A aplicación do baremo das solicitudes de praza de comedor presentadas en prazo, será valorada por unha Comisión do Consello Escolar do centro educativo, que se reunirá ao efecto o día 26/07/2023.

A praza de comedor solicitarase a través da web de JARDANAY: www.jardanay.es. Para acceder ao formulario será preciso introducir as seguintes claves:

– -Usuario: mariabarbeito
– -Contrasinal: comedores2023

O prazo para presentar as solicitudes e aportar a documentación acreditativa correspondente será do 10 ao 23 de xullo de 2023, ambos inclusive.

O día **27 de xullo** a empresa adxudicataria do servizo de comedor (JARDANAY), comunicará por correo electrónico a **adxudicación provisional** da praza de comedor ás familias.

O día **28 de xullo** as familias poderán presentar as **alegacións** oportunas, dirixidas ao correo electrónico da ANPA AGARIMO: anpa.agarimo@gmail.com.

O día **31 de xullo** a empresa adxudicataria do servizo de comedor (JARDANAY), comunicará por correo electrónico a **adxudicación definitiva** da praza de comedor ás familias.

Non se admitirá documentación nin solicitudes presentadas fóra do prazo establecido.

**Causas de baixa no servizo**

- Baixa voluntaria: deberá ser solicitada pola familia por escrito, no formulario e prazos estipulados.

- Baixa por inasistencia:
  É deber das familias comunicar as ausencias dos nenos/as e o motivo das mesmas aos correos electrónicos do servicio comedor@jardanay.es e do anpa anpa.agarimo@gmail.com indicando:
  Nome do neno/a:
  Curso:
  Día/s de ausencia:
  Motivo de ausencia:

  Ditas ausencias deberán ser comunicadas cun prazo mínimo de 24 horas, agás en casos de forza maior (enfermidade sobrevida…).

Consideraranse faltas de asistencia xustificadas as seguintes:

- Por indisposición ou enfermidade, aínda que sexa sobrevida, é dicir, que se presente tras acudir á escola nesa xornada.

- As vacacións familiares por un periodo máximo de:

10 faltas consecutivas (un máximo de 2 veces no curso escolar) ou 20 faltas consecutivas (un máximo de 1 vez no curso escolar) coa obrigatoriedade de escoller entre unha das opcións, non son compatibles entre sí.

Consideraranse faltas inxustificadas:

- Toda ausencia non contemplada no apartado anterior.

- As ausencias non xustificadas polas familias nun prazo máximo de 7 días.

- As ausencias reiteradas nun mesmo mes, mostrando un uso ocasional do servizo de comedor (o uso do servizo de comedor é obrigatorio de luns a venres).

A acumulación de 10 faltas consecutivas ou non consecutivas sen xustificar, poderá ser motivo de causar a baixa no servizo.

O ANPA comunicará ás familias polas canles de información habituais a baixa no servizo do seu fillo/a/s cunha antelación mínima de 7 días. As familias teñen un prazo de 6 días para presentar alegación e, no caso de estar xustificadas as faltas, podrán continuar de alta no servizo nas mesmas condicións.

En caso de causar baixa definitiva, para poder volver a solicitar praza, debe realizar o trámite de alta correspondente, suxeito á dispoñibilidade de vacantes.

- Baixa por impago: o non aboamento da matrícula ou dalgunha das cotas do servizo suporá a perda do dereito de asistencia ao mesmo. A ANPA comunicará ás familias polas canles de información habituais a baixa no servizo do seu fillo/a/s cunha antelación mínima de 7 días. Se a familia subsana a débeda antes de que a baixa se faga efectiva, poderá continuar de alta no servizo, nas mesmas condicións. En caso de causar baixa definitiva, para poder volver a solicitar praza, debe realizar o trámite de alta correspondente, suxeito á dispoñibilidade de vacantes, así como saldar a débeda pendente.

- Baixa por incumprimento das normas de comportamento no comedor: establecidas no capítulo V do presente regulamento.

**CAPÍTULO IV. NORMAS DE COMPORTAMENTO NO COMEDOR E NO TEMPO DE LECER**

O alumnado usuario dos servizos de comedor e/ou madrugadores deberán cumprir as seguintes normas de comportamento:

1) Seguir sempre as indicacións do persoal.
2) Tratar co debido respecto, tanto ao persoal do servizo, como aos demais compañeiros e compañeiras.
3) Lavar as mans antes e despois de comer e/ou almorzar.
4) Lavar os dentes despois de comer e/ou almorzar (excepto no caso que as familias comuniquen que non desexan que os seus fillos/as laven os dentes no colexio). Para este fin cada alumno/a disporá dunha bolsa de aseo na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes.
5) Falar en voz baixa co fin de non molestar aos demais.
6) Manter a debida compostura: non poñer os cóbados na mesa, non falar coa boca chea...

7) Non manipular os alimentos coas mans.
8) Non tirar nada ao chan. Manter o comedor limpo.
9) Utilizar correctamente os cubertos: non empregaros como xoguetes, non xesticular con eles, non golpear con eles o prato ou á mesa, non levar o coitelo á boca...
10) Recoller a bandexa e os cubertos ao rematar de comer.
11) Non brincar no comedor.
12) Rematar a inxesta de alimentos na sala de comedor, nunca nos espazos de tempo de descanso ou recreo.
13) Non erguerse da mesa ata que todos e todas rematen, ou cando llo indique o monitor ou a monitora.

O persoal do servizo velará diariamente polo cumprimentos destas normas, e actuará para corrixilas no momento en que sexan vulneradas.

Ao rematar o almorzo ou a comida ou antes de iniciar a súa quenda o alumnado acompañado dos/as monitores/as irán aos espazos indicados para o descanso e lecer.

Durante o mesmo, o alumnado deberá cumprir as seguintes normas:

- Os/as alumnos/as atenderán en todo momento as indicacións dos/as monitores/as.
- Os monitores e monitoras indicarán ao alumnado os espazos a utilizar, dependendo da climatoloxía e da actividade que se realice.
- En caso de circunstancias meteorolóxicas adversas, non se debe saír ao exterior, ficando no espazo que determinen os/as monitores/as, previamente autorizado pola dirección do centro.
- O alumnado coidará en todo momento o material e as dependencias do centro baixo a supervisión dos monitores.

O monitorado organizará actividades de lecer apropiadas para as distintas idades do alumnado usuario dos servizos de comedor e madrugadores. Estas actividades contemplarán aspectos relacionados coa educación para a saúde, a educación en valores, a igualdade, etc.

## CAPÍTULO V. MEDIDAS DISCIPLINARIAS

As faltas ao establecido no capítulo anterior poden ser faltas leves, graves ou moi graves.

**Faltas leves:**

Considéranse faltas leves todas aquelas faltas de respecto ou mala conduta, que non sexan o suficientemente importantes como para considerarse falta grave ou moi grave:

- Desobedecer levemente as indicacións do persoa
- Non lavarse as mans ou os dentes.
- Entrar ou saír do comedor desordenadamente.
- Entrar ao comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros…).
- Cambiarse de sitio sen permiso.
- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios.
- Permanecer mal sentado.
- Facer ruído, berrar ou falar con alumnos/as doutras mesas.
- Erguerse do sitio sen causa xustificada.
- A falta de puntualidade continuada na recollida do/a alumno/a.

– Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

**Sanción das faltas leves.** Realizarase polo monitor ou monitora do servizo, no momento que ocorra. Consistirá en:

- Amonestación verbal ao alumno/a de forma privada.
- Se a falta a cometeu cun/cunha compañeiro/a deberá pedirlle desculpas ao ofendido/a.
- Se a falta incide na hixiene do comedor, daráselle a coñecer ao alumno/a que a próxima vez deberá limpar o manchado.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de ocio.
- En caso de reiteración, comunicación aos proxenitores ou titores legais para programar medidas que faciliten a integración do/a alumno/a ao comedor.

Traslado dos partes de faltas á **ANPA** e á d**irección do centro,** por se constitúen unha falta grave.

**Faltas graves:**

Considérense faltas graves:

- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave contra os membros do servizo. Tanto usuarios/as como persoal encargado do mesmo.
- A reiteración de condutas contrarias ás normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, nun período de tempo dun mes.
- A agresión ou discriminación grave, física ou moral contra os demais membros do servizo.
- Os danos graves causados polo uso indebido, de xeito intencionado, nas instalacións, bens do comedor, así como de calquera dependencia do centro postas ao seu servizo para desenvolver a totalidade das actividades complementarias do servizo de madrugadores ou comedor.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do servizo.
- A reiteración de 3 faltas leves no prazo de 30 días ou de 5 no trimestre.
- Incumprimento das sancións impostas por faltas leves.

**Sancións das faltas graves:**

- Realización de tarefas que contribuan a mellorar o desenvolvemento do servizo.
- Reparación dos danos ocasionados.
- Suspensión do dereito de asistencia ao servizo por un período de ata 5 días lectivos nos que o/a alumno/a sexa usuario/a de madrugadores ou comedor.

A sanción que implique expulsión temporal do servizo, será tomada por acordo da dirección do centro, a ANPA e o/a responsable do servizo. A ANPA comunicará ás familias a medida acordada.

**Faltas moi graves:**

Considéranse faltas moi graves:

- A acumulación de 3 faltas graves nun prazo de 30 días ou 5 no trimestre.
- Saír do centro sen permiso durante o horario do servizo de madrugadores ou comedor.

- Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas dos membros do comedor, tanto de usuarios/as como persoal encargado do mesmo.

**Sancións das faltas moi graves:**

As faltas moi graves serán sancionadas polo consello escolar, previa instrución do expediente correspondente. En canto dure o proceso de instrución, o director do centro e/ou a ANPA poderán adoptar as medidas provisionais pertinentes, para o bo funcionamento do servizo.

**Procedemento sancionador:**

Iniciarase o expediente sancionador por acordo da dirección do centro, a ANPA e o/a responsable do servizo e elevarase a proposta ao consello escolar.

O órgano instrutor será o designado polo consello escolar e nel figurarán sempre un pai/nai e un/unha profesor/a. O consello escolar designará, de entre os seus membros, o/a instrutor/a do proceso. A instrución do proceso expedientario comunicaráselle por escrito aos proxenitores ou representantes legais do/a alumno/a usuario/a do servizo.
Cando a conduta do instrutor ou as súas manifestacións poidan supoñer falta de obxectividade na instrución do expediente, poderá ser recusado polos proxenitores ou representantes legais do/a menor perante o consello escolar,
O prazo de incoación do expediente non será superior aos 10 días desde que se tivo coñecemento dos feitos sancionables. No trámite de audiencia ao usuario e aos proxenitores ou titores legais, comunicaránselle as faltas que se lle imputan, así como as medidas de corrección que se propoñen por parte do consello escolar. O prazo de instrución non deberá ser superior a 8 días hábiles. A resolución por parte do consello escolar farase nun prazo máximo dun mes, dende o momento do inicio do expediente. Informarase mediante un parte oficial para comunicar sancións. As sancións prescribirán ao finalizar o curso escolar.

**Consideracións a ter en conta no momento de establecer as sancións:**

- Non se imporán sancións contrarias á dignidade física ou á dignidade persoal do/a usuario/a.
- Respectarase a proporcionalidade entre a falta e a sanción aplicada.
- Teranse en conta os seguintes atenuantes e agravantes:

**Atenuantes**

- Recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- Falta de intencionalidade.
- A idade do/a neno/a e/ou as circunstancias familiares, persoais e sociais do alumno/a.

**Agravantes**

- A reiteración dun conduta contraria ás normas do servizo.
- O non recoñecemento de ser o/a autor/a das mesmas.

**agarimo**
ANPA do CEIP María Barbeito

## CAPÍTULO VI. OS MONITORES E AS MONITORAS

Os/as monitores/as de madrugadores e do comedor serán nomeados/as pola empresa contratante do servizo de comedor e deberán reunir os requisitos e titulación esixidas pola normativa vixente.

Serán os responsables do alumnado durante o horario que se preste o servizo. Vixiarán en todo momento que se cumpra o estipulado neste regulamento. Terán especial coidado no referente á sancion de faltas, e nunca aplicarán castigos físicos, nin ningún outro que supoña vexación moral ou discriminación aos usuarios/as. Non privarán, como castigo ao alumnado da inxesta da súa ración completa de comida. Non utilizarán castigos colectivos.

Vixiarán aos alumnos/as e coidarán deles ata que sexan recollidos polos seus responsables ou sexan entregados ao titor/a de aula ou ao monitor/a da actividade extraescolar á que o/a menor esté apuntado/a.

Terán especial coidado para detectar as posibles alerxias que poidan presentar os/as usuarios/as e comunicaranllo de forma inmediata ao responsable do servizo.

Informarán á Xunta Directiva da ANPA e á dirección do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento de calquera dos dous servizos para que se poña en coñecemento da familia, se procede.

## CAPÍTULO VII. RELACIÓNS COA ANPA E CO CENTRO

**A empresa:**

A emesa resable do servizo deberá enviarlle á dirección do centro e á ANPA:

-A relación nominal das persoas adultas que se encarguen do servizo de madrugadores e do comedor.
-A relación do alumnado comensal, na que figure o nome e apelidos, dirección, teléfono, idade, curso, nome e apelidos dos pais/nais ou titores/as, se presenta algún tipo de alerxia ou intolerancia alimentaria, ou algunha doenza crónica, (asma, diabetes, celiaquía, etc.).
-Trimestralmente, a relación de menús que se serven no comedor.

**Os/as monitores/as:**

- Os/as monitores/as estarán en contacto coa dirección do centro e coa Xunta Directiva da ANPA e comunicaranlle calquera incidencia sinalable que ocurra no transcurso dalgún dos servizos. Servirán de canle de comunicación entre a empresa que suministra o cátering, a dirección do centro e a ANPA.
- Comunicaranlle á dirección do centro e á ANPA de forma inmediata a comisión dalgunha falta grave ou moi grave por parte dos/as usuarios/as.
- O/A Coordinador/a dos servizos reunirase coa dirección do centro e/ou coa Xunta Directiva da ANPA (ou un representante de mesma) por requerimento de calquera deles, sempre que exista motivo xustificado. En todo caso, farase unha reunión ao inicio e ao final de cada curso, para revisar as incidencias e melloras do

servizo entre a ANPA e a coordinación do servizo, podendo acudir tamén a dirección do centro se o considera oportuno.

Un/unha representante da ANPA deberá estar presente nas reunións que se celebran entre a dirección do centro e o responsable do servizo de madrugadores e comedor. A ANPA servirá de canle de comunicación coa dirección do centro e a Federación de ANPAS de Centros Públicos. O/a representante da ANPA no consello escolar formará parte da comisión de convivencia, que se constituirá no seo do mesmo, para actuar na toma de decisións. A ANPA facilitará ao centro a documentación que lle sexa facilitada, tanto pola Federación de ANPAS como pola empresa concesionaria do servizo, para o funcionamento dos servizos.

**CAPÍTULO VIII. OS LOCAIS PARA O USO DO COMEDOR**

O centro, unha vez que o consello escolar aprobe o funcionamento dos servizos no centro, facilitaralle Á ANPA un local axeitado para prestar ese servizo. O centro facilitará, dentro das súas posiblidades, as mesas e cadeiras necesarias para o funcionamento dos servizos.
A empresa adxudicataria do servizo proporcionará a menaxe necesaria, as máquinas necesarias (lavalouzas, etc), o material necesario para a conservación e hixiene do local. A empresa encargarase da limpeza do local habilitado para uso do comedor. A empresa comprométese a cumprir coas normas de hixiene esixidas para o funcionamento do servizo.

O estipulado neste protocolo é de obrigado cumprimento para todas as entidades ou persoas nomeadas no mesmo. O presente protocolo poderá ser modificado:

1. Se así o esixiran novas disposicións sobre regulamentos de comedores escolares.
2. A petición dalgunha das partes, sempre que así o decida o Consello Escolar do Centro.

DILIXENCIA para facer constar que o presente protocolo de comedor escolar foi aprobado por unanimidade dos membros do Consello Escolar presentes na reunión celebrada o día 5 de setembro de 2023

A Coruña, 5 de setembro de 2023

O Presidente do Consello Escolar

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO
A CORUÑA

Asdo.: Óscar Mourenza Fernández

Actividades extraescolares 2024/2025

| | LUNES | MARTES | MIERCOLES | JUEVES | VIERNES |
|---|---|---|---|---|---|
| Infantil<br>16-17h | Fútbol infantil 1º y 2º | Judo infantil | Fútbol infantil 1º y 2º | Judo infantil | Hockey infantil +1º 2º |
| | Xogos e movemento | Manitas | Xogos e movemento | Manitas | |
| | Eureka | English lab | Eureka | English lab | |
| Infantil<br>17-18h | Hockey infantil +1º 2º | | Hockey infantil +1º 2º | | |

| | | LUNES | MARTES | MIERCOLES | JUEVES | VIERNES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRIMARIA<br>16-17H | 1º | Fútbol infantil + 1º y 2º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Judo 1º 2º<br>Enredados mar-xov<br>Pre-Patinaxe 2 | Fútbol infantil + 1º y 2º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Judo 1º 2º<br>Enredados mar-xov<br>Pre-Patinaxe 2 | Hockey infantil 1º 2º<br>Fútbol FEMENINO<br>Robótica |
| | 2º | Fútbol infantil + 1º y 2º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Judo 1º 2º<br>Enredados mar-xov<br>Pre-Patinaxe 2 | Fútbol infantil + 1º y 2º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Judo 1º 2º<br>Enredados mar-xov<br>Pre-Patinaxe 2 | Hockey infantil 1º 2º<br>Fútbol FEMENINO<br>Robótica |
| | 3º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Enredados<br>Pre-Patinaxe 2<br>Básquet | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 1º 2º 3º<br>English lab<br>Abracadabra | Enredados<br>Pre-Patinaxe 2<br>Básquet | Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h)<br>Robótica |
| PRIMARIA<br>17-18H | 1º | Hockey infantil 1º 2º | Ritmo 1º 2º 3º | Hockey infantil 1º 2º | Ritmo 1º 2º 3º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h) |
| | 2º | Hockey infantil 1º 2º | Ritmo 1º 2º 3º | Hockey infantil 1º 2º | Ritmo 1º 2º 3º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h) |
| | 3º | Fútbol 3º y 4º<br>Hockey 3º 4º 5º 6º | Judo 3º 4º 5º 6º<br>Ritmo 1º 2º 3º | Fútbol 3º y 4º<br>Hockey 3º 4º 5º 6º | Judo 3º 4º 5º 6º<br>Ritmo 1º 2º 3º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h) |

| | | LUNES | MARTES | MIERCOLES | JUEVES | VIERNES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRIMARIA<br>16-17H | 4º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h) |
| | 5º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Fútbol FEMENINO |
| | 6º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Parkour 4º 5º 6º<br>Patinaxe artístico<br>Enredados | Básquet<br>Baile moderno (martes-xoves)<br>Scape room | Fútbol FEMENINO |
| PRIMARIA<br>17-18H | 4º | Fútbol 3º 4º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Fútbol 3º 4º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO<br>Natación 3º 4º (16-17:30h) |
| | 5º | Fútbol 5º 6º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Fútbol 5º 6º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO |
| | 6º | Fútbol 5º 6º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Fútbol 5º 6º<br>Baile moderno (luns-merc) | Judo 3º 4º 5º 6º | Hockey 3º 4º 5º 6º<br>Fútbol FEMENINO |